



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grao

Toponomástica, documentación histórica e estudo
lingüístico: unha aproximación á toponimia maior do
concello de Antas de Ulla

Xuño 2021

Autora: Andrea Santiso Arias

Titora: Ana Isabel Boullón Agrelo

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grao

Toponomástica, documentación histórica e estudo
lingüístico: unha aproximación á toponimia maior do
concello de Antas de Ulla

Xuño 2021

Autora: Andrea Santiso Arias



Titora: Ana Isabel Boullón Agrelo

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galega

Índice

1	Introdución.....	6
2	Descrición do concello	8
3	Estudo toponímico.....	12
4	Conclusións	65
5	Bibliografía.....	74
6	Anexo I: relación de parroquias e lugares do concello.....	81
7	Anexo II: clasificación semántica dos topónimos	85
8	Anexo III: clasificación etimolóxica dos topónimos	89
9	Anexo IV: índice toponímico	93



FACULTADE DE FILOLOXÍA



CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

Formulario de delimitación do título e resumo
Traballo de Fin de Grao curso 2020/2021

APELIDOS E NOME:	SANTISO ARIAS ANDREA
GRAO EN:	LINGUA E LITERATURA GALEGAS
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	ONOMÁSTICA

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

Título: Toponomástica, documentación histórica e estudo lingüístico: unha aproximación á toponimia maior do concello de Antas de Ulla

Resumo [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:

O presente traballo ten por obxectivo o estudo da toponimia maior dos 133 lugares en que se dividen as 28 parroquias que conforman o concello lucense de Antas de Ulla. Para este propósito, partírase dos nomes de lugar adscritos ao concello que constan no *Nomenclátor de Galicia* (NG). Ademais, non se descarta a posibilidade de incorporarmos topónimos non recollidos no inventario oficial, pero que nomean igualmente núcleos habitados de Antas. Deste material levarase a cabo unha análise etimolóxica coa finalidade de descubrir a orixe e evolución de cada topónimo a partir dos datos presentes en fontes documentais e estudos previos. Na medida do posible, achegarase a motivación semántica do material toponímico a partir dunha clasificación en campos toposemánticos. Tamén se realizará, cando for pertinente, unha análise lingüística centrada en aspectos fonéticos e morfosintácticos sobre os topónimos e un contraste entre as formas propostas no NG coa fala oral co fin de advertir diferenzas. Deste xeito, unha vez recompilada e analizada toda a información sobre a toponimia maior de Antas de Ulla, presentarase unha descrición completa da paisaxe toponímica do concello, que abrangue dimensións históricas e lingüísticas.

Santiago de Compostela, 20 de Novembro de 2020.

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)

<p>Sinatura do/a interesado/a</p> 	<p>Visto e prace (sinatura do/a titor/a)</p> <p>BOULLON AGRELO ANA ISABEL - 33252549T</p> <p>Firmado digitalmente por BOULLON AGRELO ANA ISABEL - 33252549T Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=DCE5-33252549T, givenName=ANA ISABEL, sn=BOULLON AGRELO, cn=BOULLON AGRELO ANA ISABEL - 33252549T Fecha: 2020.11.20 16:59:44 +0100'</p>	<p>Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data</p> <p>18 DEC. 2020</p> <p>Selo da Facultade de Filoloxía</p> 
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

SR. DECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidente da Comisión de Títulos de Grao)

1 INTRODUCCIÓN

A toponomástica é a parte da onomástica encargada de estudar a orixe, a historia e a significación que posúen os nomes de lugar. Grazas ao incremento da consciencia científica sobre a toponimia galega nos últimos anos, hoxe temos nocións máis precisas sobre como funcionou ao longo da historia o sistema toponímico galego. Porén, cómpre encarar con prudencia a análise dos topónimos debido á escuridade, á homonimia e ao debate etimolóxico que moitos deles presentan.

O propósito central deste traballo é estudar e clasificar semántica e etimoloxicamente a toponimia maior do concello de Antas de Ulla. Para iso, partiremos dos 133 nomes de lugar e das 28 parroquias que recolle o *Nomenclátor de Galicia* (NG en diante). Levarase a cabo, ademais, un exercicio de revisión deste inventario oficial, que supoñerá a introdución de dous novos topónimos non recollidos e a modificación de doce que xa figuraban nel (vid. anexo I). Deste xeito, o noso corpus toponímico compoñeráse por un total de 163 ítems.

Para cumprir co noso obxectivo, en primeiro lugar, realizaremos unha pequena introdución descritiva do concello, que funcionará como ambientación do estudo toponímico que a segue. Para esta empregaremos a *Gran Enciclopedia Galega* (1974) (GEG) editada por Silverio Cañada e a obra *Historia de Galicia* de López Carreira (2016). Ademais, será de grande utilidade a información concedida polo concello de Antas de Ulla.

Unha vez realizada a descrición, expoñeranse as entradas dos diferentes topónimos cunha ordenación de carácter alfabético (cando cumpra, unha entrada remitirá a outra). A estrutura dentro de cada ítem constará das seguintes partes: explicación do étimo, primeiras documentacións históricas, outros topónimos galegos homónimos ou relacionados e, no caso de ser pertinente, apelidos que o nome de lugar puido orixinar. Tamén serán incluídos outro tipo de contidos que se consideran interesantes para a explicación do topónimo (pronuncia, descrición física do lugar, situación etc.).

Destacamos neste punto o labor iniciado polo alemán Joseph M. Piel desde mediados do século XX e os traballos en colaboración con Dieter Kremer, sobre todo, no eido dos antropónimos e topónimos de ascendencia xermánica. Serán obxecto de consulta reiterada as obras de investigadores especializados na onomástica e, concretamente, na

toponimia: Boullón Agrelo, Moralejo Lasso, Moralejo Álvarez, Bascuas, Navaza e outros. Sobresaen tamén como recurso valioso as obras divulgativas que conforman a colección Terra Nomeada da AGon. Por último, xa que Antas de Ulla é concello lugués, debemos situar nun posto privilexiado a Nicandro Ares, que dedicou boa parte da súa vida á investigación da orixe toponímica dos lugares pertencentes á diocese de Lugo.

Na pescuda etimolóxica, ademais do emprego do *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico* (DCECH) de Corominas, será primordial o rastreo das documentacións históricas, que se sosteá nos alicerces de diversos cörpera electrónicos históricos. Para os testemuños máis antigos empregaremos os corpus de textos medievais editados en latín (*Corpus Documentale Latinum Gallaecia*, CODOLGA) e en galego (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua galega*, TMILG). Os rexistros máis modernos obteranse a partir da documentación medieval conservada na versión escaneada (2004) do *Catastro de Ensenada* (CME) (1750-1754), así como do *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* (DGEHE) (1845-1850) de Pascual Madoz. Para a busca de material bibliográfico botarase man da *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (BILEGA) e da base de datos da *Asociación Galega de Onomástica* (AGon). Finalmente, farase uso cando for pertinente da *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG) e do *Diccionario de pronuncia da lingua galega* (DPLG).

Nun terceiro e último paso, levarase a cabo unha análise semántica e etimolóxica do material toponímico a partir dunha clasificación en campos toposemánticos e glotolóxicos. Esta sección achegará un panorama xeral sobre o valor porcentual de cada un dos eidos semánticos e dos diferentes estratos lingüísticos que definen a toponimia do concello de Antas de Ulla.

Finalmente, en anexos ofreceremos a relación de parroquias e lugares obxecto de estudo (anexo I), unha desagregación das clasificacións semántica (anexo II) e etimolóxica (anexo III) e un índice das formas toponímicas (anexo IV).

2 DESCRICIÓN DO CONCELLO

Preséntase neste apartado unha descrición de carácter xeográfico, histórico e lingüístico sobre o concello de Antas de Ulla, situado no suroeste da provincia de Lugo, que limita ao norte co de Palas de Rei, ao leste co de Monterroso, ao sur cos de Taboada e Rodeiro e ao oeste co de Agolada. O territorio conforma a comarca da Ulloa xunto con Monterroso e Palas de Rei. Recentemente, o Instituto Geográfico Nacional situou o centro xeográfico de Galicia en Antas de Ulla, no lugar de Nugallás (Arcos).



Mapa 1. Situación xeográfica de Antas de Ulla (Fonte: elaboración propia)

Antas adscríbese á diocese de Lugo e ao partido xudicial de Chantada. Ten unha superficie territorial de 103,66 km² e a súa poboación sitúase nos 1940 habitantes segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE). Conta con 133 lugares rexistrados no NG e outros dous propostos por nós distribuídos en 28 parroquias, o que dá un total de 163 topónimos. O reparto das localidades nas distintas freguesías dispónse do seguinte xeito:




Gráfico 1. Distribución dos 135 lugares de Antas de Ulla nas 28 parroquias

En canto ao relevo, acomódase na vertente norte da Serra do Farelo (compartida cos concellos pontevedreses de Agolada e Rodeiro), que alcanza a altitude máxima do municipio cos seus 956 metros. Cómpre citarmos tamén os montes Costa de Fonfría, Costa de Frádegas, Lagüela, San Fiz, Pena Grande e Sabugueiro.

A fauna é prototípica do interior galego: lobos, raposos, londras, gatos salvaxes, lebres, coellos, perdices, rulas, paspallases e outras especies comúns en climas temperados e húmidos propios das zonas atlánticas como é Antas. A paisaxe, eminentemente marcada polo Monte Farelo e o río Ulla, caracterízase polas montañas que rodean a conca do río. Esta zona está cuberta por grandes extensións de árbores, entre

as que destacan os carballos e castiñeiros. A superficie do bosque rolda aínda hoxe as 800 hectáreas e nel cultívanse diferentes especies vexetais como a maceira, a pereira, a cerdeira, a ameixeira e outras (GEG).

Polo que se refire á hidrografía, o río principal que percorre o concello é o Ulla, que nace nos montes da parroquia de Olveda e cruza o territorio en dirección noroeste a modo de divisoria entre os municipios de Antas e Monterroso polo este e Palas de Rei polo norte. O seu curso limita coas provincias da Coruña e Pontevedra e desemboca na Ría de Arousa á altura de Catoira cunha lonxitude de 132 quilómetros. Ten unha conca de 1764 km², a máis importante de Galicia despois da do Miño. Outros ríos afluentes do Ulla que regan as terras de Antas son o Estanco, o Ermida, o Frádega, o Peibás e o Timós.

No que toca á economía, o municipio baséase na agricultura e na gandería. O sector primario ocupa o 60% da poboación activa. No sector gandeiro sobresa a cabana de vacún, fundamentalmente a raza rubia galega para o seu aproveitamento cárnico e a raza frisoa para a produción láctea. Convén aludirmos á relevancia da gastronomía no concello con tres produtos que transcenden as fronteiras: o pan, o queixo e a carne.

Os xacementos arqueolóxicos da prehistoria como os petróglifos do Monte Farelo, as mámoas do Monte de San Fiz e os numerosos castros reflicten unha zona que debeu ser habitada desde tempos antigos. A manifestación cultural máis representativa da Idade de Bronce son os petróglifos. López Carreira (2016:62) expón que para algúns autores estes indican simplemente límites territoriais, pero a hipótese máis apoiada é que son gravados cun valor simbólico que oculta o seu verdadeiro significado. Os 54 petróglifos do Monte Farelo constitúen unha mostra da intensa arte rupestre que se deu en Galicia e presentan catro tipos de formas: espirais, labirintos, cazoletas e combinacións circulares. A pesar da súa relevancia, a maioría está sen catalogar e nin están protexidos nin contan cunha boa accesibilidade. É de interese expoñer que no Monte Farelo recae unha boa parte da tradición oral do concello, pois existen numerosos ditos que fan referencia á inminencia da choiva cando este se cobre de nubes (*Pon o pucho o Farelo, auga prós eidos; Cando o Farelo pon a monteira, chove anque o ceo non queira* etc.) (GEG).

Da Idade de Bronce consérvanse desde o ano 1972 no Museo Provincial de Pontevedra unhas espirais de prata circulares, coñecidas pola poboación como “o tesouro de Antas de Ulla”. A tradición oral conta que apareceu no interior dunha caixa de bronce ou cobre non conservada nun illote do río Ulla no seu paso por Antas.

A comezos do primeiro milenio a.C, o ferro ocupou o lugar do bronce e deuse a aparición dos castros, unha especie de poboados fortificados ocupados polos celtas. O mundo castrexo asociábase cunha poboación autóctona, os oestrimnios, que recibira influencias mediterráneas ocasionadas por relacións anteriores. Porén, algúns estudiosos defenden a oposición forzosa destes habitantes dos castros aos poboadores autóctonos e, ademais, créase un debate arredor do celtismo entre os que sosteñen as raíces celtas de Galicia os que as negan (López Carreira 2016:68). En Antas, a cultura castrexa faise patente a través dos castros de Outeiro, a Monxa, o Castro, a Somoza, Xerdimil e outros.

Durante a Idade Media, o poder nestas terras residía no Castelo de Amarante, propiedade dos Noguerol. Rui Fernández Noguerol manifesta no seu testamento (1324) a vontade de ser enterrado no mosteiro de Vilar de Donas e o dereito de presentación da Igrexa da vila de Antas, citada como «*Soane das Santas*» (GEG). Hoxe consérvanse mostras da arte románica nas igrexas de Amoexa, Alvidrón, Arcos, Vilanuñe e outras.

Para rematar con esta descrición, é importante expoñer algunhas das características lingüísticas da área en que se adscribe Antas de Ulla, sobre todo aquelas que se ven reflectidas na toponimia maior (fonética e morfoloxía nominal). Fernández Rei (2003) distinguiu o conxunto de todas as falas galegas agrupándoas en tres grandes complexos lingüísticos: occidental, central e oriental. Antas englobase no central, bloque delimitado polas isoglosas *cans/cas* polo oeste e *cas/cais* polo leste que se caracteriza, entre outros, polos seguintes fenómenos:

- Plural rematado en vogal + *s* con perda de consoante nasal: *camiós, cáis*.
- Non hai ningún tipo de seseo, senón unha oposición entre os fonemas /*s̺*/ e /*θ*/: *casa/caza, coser/cocer*.
- A gheada constitúe un trazo fonético en retroceso que só goza na actualidade de certa vitalidade en falantes de avanzada idade.

3 ESTUDO TOPONÍMICO

Aboi

Lugar da parroquia de Casa de Naia

O topónimo *Aboi*, pronunciado /a'βoj/, procede do antropónimo latino **Auiōlūs* por medio do xenitivo **AUIŌLĪ* (Piel 1975:46). A orixe do substantivo e cognome **Auiōlūs* remite á necesidade de expresar o masculino analóxico de *auīōla*, que inicialmente foi un diminutivo tardolatino da voz clásica *auīa* ‘avoa’ (Martínez Lema 2010:47). O correlato masculino de *auīa* era *auīs* e foi empregado, igual ca **Auiōlūs*, como nome persoal na época clásica, o que indica que nesta altura era frecuente utilizar os nomes de parentesco como antropónimos (LC 303). Así, non debe relacionarse este topónimo co animal *boi*, como ocorre en *Boimorto* e *Meixaboi*, xa que esta homofonía é puramente casual.

Atestamos *Aboy* no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

Aboi repítese noutros 4 lugares e comparte xénese con *Vilaboi* (Valdoviño) *Abol* (Lugo) e *Vilabol* (A Fonsagrada e As Nogais) (NG).

Agüela, A (San Mamede)

Parroquia do concello

Agüela, A

Lugar da parroquia da Agüela

A voz común *auga* conforma boa parte do corpus toponímico galego. Das múltiples maneiras de se manifestar, en *Agüela* (/a'ɣwɛlɔ/) observamos unha variante derivada por medio do sufixo diminutivo *-ëlla* (Piel 1947a:307). É probable, pois, que o topónimo remita etimoloxicamente a unha fonte ou regato pequeno. Porén, Ares (2009:100) fala dunha aglutinación do nome *Güela* xunto co artigo feminino singular *a*. Deste xeito, *Güela* derivaría de **GULĒLLA*, diminutivo de *gula* ‘gorxa’, entendido non como a parte anterior externa do pescozo, senón como unha portela ou pequeno desfiladeiro na montaña do Farelo, onde se sitúa esta parroquia. Con todo, é altamente improbable que nun topónimo galego sucedese tal amálgama.

Cítase *Agoella* en 1329 e 1348 e *Agoela* en 1407 (TMILG). Constan no CME (1750-1754) as formas *Guèla* e *Aguela* e no DGEHE (1845-1850) *Aguela* e *Anguela*.

Este nome, ademais de figurar noutro lugar de Antas (San Mamede de Agüela), tamén se rexistra nos concellos de Bóveda e Monforte de Lemos (NG).

Aldea de Arriba, A

Lugar da parroquia de Vilapoupre

No topónimo *A Aldea de Arriba* (/al'deãðe'riβã/), o apelativo *aldea*, procedente do árabe hispánico *adḍáyṣa* e este do árabe clásico *dayṣah* (Corriente Córdoba 1999:146), vén determinado topograficamente polo adverbio *arriba*, cuxa orixe reside na secuencia latina AD RĪPA (DCECH s.v. *riba*). Na actualidade, o nome *aldea* adoita nomear un “núcleo pequeno de poboación, de carácter rural e con poucos veciños” (DRAG).

No NG hai 200 lugares *Aldea* e o sintagma (*A*) *Aldea de Arriba* repítese en 22.

Alemparte

Lugar da parroquia de Dorra

Alemparte (con pronuncia /alem'partẽ/) provén do latín ILLĪNC PARTE ‘de alá’, ‘da outra parte’ (DCECH s.v. *allá* e *parte*). En Antas, *Alemparte* é o lugar limítrofe coas parroquias de Terra Chá e Antas de Ulla.

Testemuñamos *Alemparte* en 1252 (CODOLGA) e *Alenparte* en 1285 (PSVD), 1401 e 1477 (CODOLGA). Tamén se recolle no DGEHE (1845-1850).

O NG rexistra 16 lugares *Alemparte*.

Alvidrón (Santa María)

Parroquia do concello

Alvidrón

Lugar da parroquia de Alvidrón

O topónimo *Alvidrón* acolle dúas teorías interpretativas: pode remitir ao nome persoal *Arbitrio*, *-onis* derivado de *arbiter* ‘árbitro’ (Ares 2009:100) ou pertencer ao tema léxico de *érbedo*, arbusto da familia das ericáceas procedente dunha variante do *arbutus* clásico, *ARBĪTUS, *ERBĪTUS (Piel 1968:334). Porén, segundo Navaza (2006:235), non se posúe suficiente información para confirmar esta última procedencia. Por tanto, é altamente probable que se trate dun antropotopónimo.

Atestamos *sancta Maria de Aruitrion* en 747 (CODOLGA), *Aruidron* en 1225 (CODOLGA) e *Alvidron* en 1391 (TMLG). No CME (1750-1754) hai varias referencias á parroquia mais ao lugar e o topónimo figura no DGEHE (1845-1850) como *Albidrón*.

Alvidrón non consta en ningunha outra aldea de maneira illada, pero rexístrase de novo no composto *Alvidrón de Outeiro* do noso concello (NG).

Alvidrón de Outeiro

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Véxase *Alvidrón e Outeiro, O*.

Temos rexistros do lugar no século XIX (DGEHE s.v. *Albidrón de Otero*).

Amarante

Lugar da parroquia de Santo Estevo do Castro de Amarante

O topónimo *Amarante* é unha réplica do grego ἀμάραντος ‘que non murcha’ e debe relacionarse co nome da herba chamada *amaranto*. É probable que chegase a nós a través do latín *Amarantus*. Existen testemuños deste nome desde a época imperial e foi empregado como antropónimo por homes de condición social baixa (Piel 1947b:168).

Neste lugar situáse a *Fortaleza* (ou *Torre*) de *Amarante*, un recinto fundado no século XIII pola familia Nogueurol, condes de Amarante, sobre o que era un antigo castro. Hoxe é considerada un Ben de Interese Cultural como monumento polo decreto do 22 de abril de 1949. Existe un vínculo entre a Fortaleza e o mosteiro de Vilar de Donas (Palas de Rei), onde eran enterrados os seus membros. Tamén se relaciona con esta aldea unha lenda que afirma a existencia dun pasadizo que conecta a Torre co Monte Farelo.

Cítase en 1263 (CODOLGA), no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

O NG recolle unha parroquia (Maside) e un lugar así nomeados (Oza dos Ríos). Ademais, en Antas temos outras catro parroquias que portan o antropó: *San Fiz de Amarante*, *San Martiño de Amarante*, *Santa Mariña do Castro de Amarante* e *Santo Estevo do Castro de Amarante*.

Amoexa (Santiago)

Parroquia do concello

Amoexa

Lugar da parroquia de Amoexa

O nome de lugar único *Amoexa*, pronunciado /a'monʃa/, remite a unha formación derivada do radical hidronímico indoeuropeo **am-* ‘auga’ (Bascuas 2002:208-209). Etimoloxicamente, a partir dun rexistro do ano 1160 (CODOLGA), «cum illis agris de Canales», o autor liga o topónimo cos ‘agros de Canales’ e afirma que pode considerarse un calco romance de ‘canle, regadío’.

Rexistramos *Amonegia* en 1033, 1120 e 1165 (CODOLGA), *Monegia* en 1160 (CODOLGA), *Amoega* en 1172 (CODOLGA), *Amoeja* en 1174 e 1289 (CODOLGA), *Moenga* en 1274 (TMILG) e *Moesa* en 1383 (TMILG). No CME (1750-1754) figuran *Amoeja* e *Amoexa* e no DGEHE (1845-1850) *Amoeja*.

Antas de Ulla (San Xoán)

Parroquia do concello

Antas de Ulla

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

O topónimo *Antas de Ulla* (/ˈant̪as̪ˈðuɫ̪a/) componse de dous elementos: *antas* e *ulla*. En canto ao primeiro, a pesar de que existiu en latín o plural *antae*, *-arum* ‘pires aos dous lados das portas’, é máis probable que o termo xeográfico e dialectal *anta* co sentido de ‘menhir’ ou ‘dolmen’ teña un carácter hereditario e proceda dunha palabra prerromana indoeuropea (irmá da voz latina citada) coa lectura etimolóxica de ‘fin’, ‘linde’ (DCECH). Temos constancia de que no pasado foron moi abondosos no concello os prados con antas, isto é, “pedras grandes chantadas no chan, en particular as usadas para cerrar un terreo ou para soste un muro” (DRAG). Neste sentido, Sarmiento (OELG II 52-53) expón que “muchos lugares tomaron el nombre de las disposiciones de un peñasco, v.g. (...) Antas de unas altas losas que están como estacas, plantadas en algún sitio”.

O segundo termo do topónimo, *Ulla*, foi interpretado por Rivas Quintas (1994:65) como unha formación *Ul-ia*, en que o primeiro compoñente (*ul-*) se considera variante dunha coñecida raíz hidronímica indoeuropea **ūr* ‘auga’ cun sufixo *-ia* frecuente en

nomes de ríos prerromanos: *Nav-ia*, *Av-ia*, *Lim-ia*, *Um-ia*, *Neira*, *Meira* e similares. Con todo, Bascuas (1999:160) suxire un étimo co mesmo sufixo a partir doutra raíz indoeuropea: **wel-* ‘facer xirar’, ‘auga que dá voltas’, que se especializou en diferentes formacións con valor hidronímico e está presente, tamén, no nome do afluente do Ulla de nome *Vea*. Así pois, o hidrotopónimo *Ulla* experimenta a evolución **WULIA > Ulia > Ulla* e evoca unha evidente referencia ao río do mesmo nome que nace na parroquia de Olveda.

É importante ter en conta a evolución do nome da capital do concello. O topónimo orixinario foi *Seoane* (/so'anɛ/), que remite ao xenitivo *Sancti Iohanni* ‘San Xoán’, patrón da vila. Co tempo, a denominación do concello (*Antas*) fagocitou o nome da vila ata que en 1916 se fixo necesaria unha diferenciación coa localidade homónima almeriense *Antas*. Así, no Real Decreto do ano 1916 establécese que “Antas, partido de Chantada, se chamará Antas de Ulla (Lugo)” (Méndez Fernández 2016a:369). Este vínculo esperta un certo interese filolóxico debido á distancia xeográfica entre os dous territorios, aínda que se estima que non é posible unha orixe común (Méndez Fernández 2016a:369). A pesar deste decreto, a vila de Antas de Ulla ata ben entrados os anos 70 foi coñecida como *Soane*, denominación que permanece aínda no lugar e rúa de *Seoane* e nas instalacións deportivas do *Castro de Seoane*. Ademais, na actualidade poucas veces se emprega o topónimo composto e os habitantes do concello, ulláns ou seoanenses, fan uso maioritariamente só do primeiro termo: *Antas*.

A atestación máis antiga do nome data do ano 1210 (CODOLGA) e alude á «ecclesiam sancti Iohannis de Antas». En 1216 cítase *Sanctum Iohannem de Antas* (CODOLGA), en 1390 (TMILG) *Sayoane das Antas/Seyoane das Antas* e en 1407 (TMILG) *Seyoanne das Antas*. O primeiro rexistro da denominación moderna *Seoane das Antas* é de 1473 (TMILG) e en 1499 (TMILG) xa se constata a transformación a *San Juan das Antas*. No CME (1750-1754) aparecen as formas *San Juan das Antas e Santas* e no DGEHE (1845-1850) recóllese a freguesía de «*Santas ó Antas*».

O NG acolle a parroquia *Antas* (A Lama) e dez lugares (*A/s Anta(s)*), así como outros seis lugares que conteñen a forma *Ulla*.

Árbol (Santalla)

Parroquia do concello

Árbol parece remitir a unha castelanización de *árbore*, nome común e transparente que alude a “calquera planta de tamaño grande, con tronco leñoso e elevado que se divide en pólas a partir dunha certa altura” (DRAG). Así, o latín ARBŌRE (DCECH) presenta en galego outras variantes ademais do estándar *árbore*: *arbre*, *albre* e *árbol* (Navaza 2006:64). De Ares Vázquez (2009:104) tiramos as posibilidades de que *Árbol* sexa un diminutivo *ARVOLUM de *arvum* ‘campo cultivado’ (aínda que, de ser así, caería o *-l-* intervocálico) ou un antropotopónimo que remita a unha vila de *Arborus*. Ademais, sobre este topónimo e outros semellantes, Bascuas (2002:36) formula a seguinte cuestión: “son en realidade ‘árboles’ o encubren un viejo hidrónimo **arwor*, confundido con lat. *arbor*?”. A pesar de que a confusión é posible, nos topónimos galegos non parece que haxa ningún indicio seguro neste sentido e consideraremos *Árbol* un fitotopónimo interferido polo castelán.

Cítase *Aruol/Arbol* no CME (1750-1754) e *Árbol* no DGEHE (1845-1850).

En Galicia hai outra parroquia así denominada en Vilalba (NG).

Arcos (Santa María)

Parroquia do concello

Arcos

Lugar da parroquia de Arcos

O primeiro instinto que temos co topónimo *Arcos* é relacionalo co substantivo común *arco* “elemento construtivo con forma xeralmente curva que serve de soporte ou de ornamento” (DRAG), derivado do latín ARCUS ‘arco’ (DCECH). No entanto, Moralejo Álvarez (2007:283), sen ignorar que unha boa parte da documentación sobre os topónimos *Arco(s)* cos seus derivados remite ao latín, expón que estes forman un conxunto que alude á indoeuropeización prelatina de Hispania. Trátase de lugares cercados (ou non) para o pasto ou garda do gando (e no seu caso tamén de habitación de pastores) que reflicten o mundo da gandaría. O autor (2007:288) considera probable que a etimoloxía de *Arcos* remita ás raíces prerromanas **areq-* ‘protexer, cerrar’ ou **h2erk*

‘gardar’. Inclinámonos pola segunda teoría por representar en maior grao a realidade pasada e presente da nosa parroquia e lugar *Arcos*.

As atestación máis antigas do topónimo datan dos anos 1239 e 1247: *Sancte Marie de Arcos* e *Sancte Maria de Archus* respectivamente (CODOLGA). Ao mesmo tempo, maniféstase no 1750-1754 (CME) e no século XIX (DGEHE s.v. *Arcos de Peibás* e *Arcos*).

Os topónimos (*O/Os*) *Arco(s)* roldan as 30 localidades galegas (NG).

Areas (Santa Cristina)

Parroquia do concello

O topónimo *Areas* remite ao substantivo *area*, derivado do latín ARĒNAM ‘area’ (DCECH). Este acolle os significados de “gran ou partícula de rocha ou de certa materia” e “conxunto de pequenos grans ou partículas de rocha” (DRAG). Encontramos motivación semántica para o noso topónimo nestas acepcións, pois unha ampla zona da parroquia está situada sobre unha área rochosa.

Rexistramos *Arenas* en 1254 (CODOLGA), *Santa Christina/Xptina de Areas* no CME (1750-1754) e *Areas* no DGEHE (1845-1850).

Trátase dun topónimo profuso en Galicia: ata 17 lugares nas catro provincias, maioritariamente sen artigo e nalgún caso en composición (NG).

Augas de Frádegas, As

Lugar da parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante

Topónimo que posúe como primeiro termo o substantivo *auga* (< latín AQUA) (DCECH). Para o segundo elemento véxase *Frádegas*.

A relevancia da auga no lugar é evidente, pois alberga un antigo balneario, cuxas augas posuían, segundo se conta, propiedades rexenerativas. Foi no ano 1890 cando se impulsou a súa construción como terapia para combater diferentes doenzas. Na actualidade, a edificación mantense en pé e conta con dous andares con patio interior, unha capela e outras construcións que reflicten a arquitectura rural galega propia de finais do XIX. Cómpre destacarmos o mantemento dunha fonte da que aínda mana auga sulfurosa e á que moitos veciños acoden para tratar problemas como a dermatite. Amais, a aldea constitúe unha das rutas e puntos de interese máis coñecidos da contorna.

O composto non se repite en ningunha outra localidade, pero o termo *auga* recoñécese en cerca de 50 lugares e *frádegas* en 5 (NG).

Baldriz

Lugar da parroquia de Reboredo

É moi probable que a orixe deste topónimo estea no antropónimo xermánico *Baldericus*, composto por dous temas góticos ben diferenciados: *balþ-* ‘valente, audaz’ e **rikaz* ‘poderoso’ (HGN 37/11; 289/5).

Localízase outro lugar así denominado no concello de Cualedro e deste nome persoal proceden tamén os topónimos galegos *Baldrís* (Cesuras), *Baldarís* (Curtis e A Estrada) e *Baldariz* (Cartelle e Punxín) (NG).

Barbalde

Lugar da parroquia de Arcos

Baixo *Barbalde* subxace o antropónimo gótico *Barualdus*, integrado pola raíz *ber-*, formada a partir de **bera(n)* ‘oso’, **baira* ‘xabarín’ ou *beran* ‘levar, traer’ mais o tema xermánico *waldan* ‘gobernar’ (HGN 38/2).

O nome de lugar constátase nunha escritura do 939 (CODOLGA) na que unha señora concede varias vilas ao mosteiro de Santa María de Ferreira de Pallares (Guntín). Entre estas encóntrase unha situada no territorio de Sete Igrexas (Monterroso) cerca do antigo *Monte Summeo* e actual Monte Farelo denominada *Barualdi*, o noso *Barbalde*. Alén deste testemuño, a localidade rexístrase no 1750-1754 (CME).

Existen os lugares *Barbalde de Abaixo* e *Barbalde de Arriba* (Carballo) (NG).

Barreiro (San Cibrao)

Parroquia do concello

Barreiro

Lugar da parroquia de Barreiro

Barreiro nomea unha parroquia e un lugar do concello, aínda que a freguesía foi suprimida eclesiasticamente en 1890 e agregada á de Reboredo (Ares Vázquez 2009:106). Na toponimia galega abundan os topónimos *Barreiro*, *Barreiros* e similares (máis de 150 resultados no NG), pero non sempre é posible determinar o significado

orixinario de cada un deles. Algúns son derivados de *barro* e fan referencia á constitución do terreo e outros relaciónanse con *barra* ou *barreira* e aluden á orografía (Navaza 2007:41). O máis probable é que o noso *Barreiro* proceda da unión entre o substantivo *barro* ‘arxila, lama’ de orixe prelatina (DCECH) e o sufixo abundancial *-eiro* (< latín -ĀRĪŪ).

Rexístrase *sancti Cipriani* en 1163 (CODOLGA) e *Barreiros* no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

Bellós

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

Bellós é un topónimo único con etimoloxía dubidosa. Pode proceder, segundo Ares Vázquez (2009:101), do cognome *Belliolus*, diminutivo de *Bellius* (aínda que é moi pouco probable que veña dun nominativo). O autor, apoiado no feito de que os nativos do lugar pronuncian /bi'ʎos/, constata que sería posible que derivase de *Bilius*, *Billius* ou *Villius*. Finalmente, compara o *Bellós* galego co *Vilhões* portugués, de orixe xermánica segundo Piel (NGTP 385) e relacionado co topónimo *Guilhão*, que remite ao nome persoal feminino *Guilho* composto polo tema gótico *wilja* ‘vontade, desexo’ (HGN 302/24). Así, aínda que etimoloxicamente non poidamos establecer unha base sólida, desde o punto de vista motivacional inclinámonos por un nome de posesor como fixo Ares Vázquez.

Rexístrase *Billós* en 1750-1754 (CME) e *Bellós* no século XIX (DGEHE)

Bertosende

Lugar da parroquia da Cervela

Detrás do topónimo *Bertosende* encóntrase o xenitivo do antropónimo gótico **Bertesindus* integrado polos compoñentes **bert* ‘claro, brillante’ e **sinþs*, ‘camiño’ (HGN 45/11).

Encontramos alusións ao lugar por primeira vez no século XIX (DGEHE).

A formación *Bertosende* só se rexistra no noso concello (NG), aínda que o tema **sinþs* xerou varios topónimos en Galicia como comprobamos só a partir deste estudo (*Bertosende*, *Senande*, *Sendelle*, *Sendín*, *Lebesende* e *Recendendes*).

Cabo de Arcos

Lugar da parroquia de Arcos

Nome de lugar composto pola preposición *cabo de* “ao lado de” (DRAG), que ten a súa orixe no latín CAPUT ‘cerca de’ (DCECH s.v. *cabe*) e no substantivo común *arcos* (véxase *Arcos*).

Cítase *Cabo de Arcos* en 1239 (CODOLGA).

Non consta este topónimo en ningún outro territorio no NG, aínda que os seus compoñentes illadamente nomean outras aldeas.

Caira

Lugar da parroquia de Amoexa

Topónimo *unicum* para o que non temos unha explicación segura. A grafía antiga do nome, *Canaria* (1033, 1120, 1160 e 1165, CODOLGA), permite postularmos unha posible referencia á herba canaria relacionada con *canis* ‘can’ (Ares Vázquez 2009:103). Outra alternativa, aínda que as atestacións medievais parecen descartala, é considerar *Caira* como un derivado con metátese da base prerromana **caria* relacionada con **cara(u)* ‘pedra’ (Palacio Sánchez 1981:61). Tamén é plausible que o topónimo proceda do latín *canus* ‘blanco’ (Bascuas 2002:215). Ademais, *caira* é un adxectivo empregado na zona que alude a unha “[ave] con pouca pluma ou sen cola” (DRAG). Esta proliferación de hipóteses e a imposibilidade de establecer paralelos con outros topónimos iguais ou similares fan que *Caira* sexa un topónimo de motivación e etimoloxía dubidosas.

Ademais das atestacións referidas, constátase *Cayra* no CME (1750-1754) e *Caira* no DGEHE (1845-1850).

Caldelas

Lugar da parroquia de Terra Chá

O topónimo *Caldelas* (/kal'del̺as/) procede do latín CALIDAS ‘quente’ (DCECH s.v. *caldo*) por medio do sufixo diminutivo *-ella* (> *-ela*) e fai alusión aos mananciais de auga quente. Neste caso verificamos a presenza no lugar dunha fonte de auga termal popular entre a veciñanza.

Cítase *Caldellas* en 1183 (CX) e *Caldelas* en 1266 (TMILG) e 1285 (PSVD). O topónimo figura no DGEHE (1845-1850).

En Galicia existen outros 6 lugares *Caldelas* (NG).

Campo, O

Lugar da parroquia de Dorra

O nome *campo* procede do latín CAMPU e aludía primitivamente a un “terreo extenso fóra do poboado” (DCECH). Os significados actuais de “superficie extensa de terra máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo” (DRAG) e “terreo que non se dedica ao cultivo, onde nace herba” (DRAG) son innovacións romances. Ademais, é frecuente que os topónimos así nomeados sinalen espazos centrais dunha poboación nos que se celebran eventos comunais (reunións, festas, feiras etc.), como é o caso desta localidade.

Atestamos por primeira vez o topónimo no DGEHE (1845-1850) sen o artigo.

O NG rexistra case 400 lugares (*O*) *Campo* e derivados.

Campo das Antas, O

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Véxase *Campo, O* e *Antas de Ulla*. Este lugar caracterizouse nun pasado pola gran cantidade de dolmens que albergaba. A construción nel dunha capela destinada ao culto conduciu á cristianización do topónimo, dando lugar ao *Campo das Santas*. O nome foi propiciado pola falsa segmentación do artigo (*campo das/antas* é igual foneticamente ca *campo das/santas*).

En Cotobade dáse a formación sintagmática *O Campodanta* (NG).

Campo do Chao, O

Lugar da parroquia da Agüela

Para a primeira parte do topónimo véxase *Campo, O*. O segundo termo, *Chao*, procede do adxectivo latino PLĀNUS ‘plano’, ‘chan’ (DCECH), que posteriormente se substantivou. É, pois, un orotopónimo bastante frecuente en Galicia (máis de 100 resultados no NG) que reflicte a configuración orográfica do lugar que recibe o nome. Posiblemente sexa este o sitio máis plano da parroquia da Agüela. Ademais, esta localidade posúe a desinencia *-ao* propia do galego central, fronte o equivalente occidental *chan*.

Caracocha, A

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Para a análise do topónimo *A Caracocha*, pronunciado /a kara'kɔtʃa/, cómpre termos en conta que lle dá nome a unha zona do concello poboada por moitas carballeiras vellas, árbores que reciben a designación local de *caracochas*. Neste sentido, o DRAG define o termo como un “oco ou cavidade relativamente grande no toro dunha árbore” ou “toro dunha árbore que presenta este oco ou cavidade”. Así, aínda que García de Diego (DEEH s.v. *carydion*) ofrece o substantivo *caracocha* como sinónimo da voz *carydion* ‘noz pequena’, concordamos con Ares Vázquez (2009:104) en que non hai evidencia certa de que esta sexa a súa orixe. Etimoloxicamente, é probable que teña unha xénese prerromana a partir do radical **car-* ou **k-r* “rocha, cousa de constitución dura, planta de monte, áspera e dura” (Rivas Quintas 1994:49), presente tamén noutro nome de lugar da toponimia maior de Antas: (*San Martiño do*) *Carrasco*.

No concello de Ourense rexístrase o lugar das *Caracochas* (NG).

Carballo, O

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

(*O*) *Carballo* é un fitotopónimo moi común na toponimia galega (máis de 100 localidades no NG) que provén da forma **CARVALIU* con base na voz prelatina *carba* (DCECH s.v. *carba*). Aínda que polo xeral os lugares (*O*) *Carballo* adoitan estar motivados polo valor referencial que se lle concedeu a unha única árbore, a nosa aldea caracterízase por unha forte presenza da especie *Quercus robur*.

Cítase *Caruallo* en 1750-1754 (CME) e *Carballo* no s. XIX (DGEHE).

Carballo constitúe un dos apelidos máis frecuentes de Galicia e en Antas conta con 44 portadores (CAG).

Carreira, A

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Entre as vías de circulación tradicionais máis coñecidas atópanse a *carreira* e a *corredoira*, hoxe persistentes en diferentes concellos galegos cun uso toponímico. O nome de lugar *A Carreira* ten a súa orixe no sintagma latino (VIA) *CĀRRĀRĪA*, en que *CĀRRĀRĪA* é o feminino do adxectivo *cārrārīus*, derivado do substantivo *carrū* (> galego

carro), un termo céltico que penetrou no latín (DCECH). Así pois, unha (VIA) CĀRRĀRĪA alude a un camiño feito para a pasaxe de carros. Esta descrición do lugar faille xustiza á realidade, xa que é un sendeiro estreito de moi pouca lonxitude que separa o lugar de Castrillón co de San Martiño de Vilapoupre.

Este odónimo está espallado por 78 lugares da xeografía galega (NG).

Carreiros, Os

Lugar da parroquia de Dorra

Aínda que *Os Carreiros* e *A Carreira* (ambos os dous pronunciados no concello con /e/) derivan do substantivo *carro* (véxase *A Carreira*), o feminino conservou un significado máis próximo ao orixinario “camiño apto para carros”, mentres que o masculino experimentou un proceso de especialización co significado de “camiño estreito apto para persoas ou para o gando, pero non para carros” (Carrasco e Navaza 2014:68).

Rexistramos *Carreyros* no CME (1750-1754) e *Carreiros* DGEHE (1845-1850).

O NG acolle, ademais, os lugares *Os Carreiros* (A Lama) e *Carreiros* (Muras).

Casa de Naia (Santa María)

Parroquia do concello

Casa de Naia

Lugar da parroquia de Casa de Naia

Recoñecemos neste topónimo o substantivo común *casa* (< latín CASA) (DCECH) e o nome do seu suposto posuidor: *Annaia/Anaia* (Ares Vázquez 2009:107). A orixe do antropónimo *Anaia* remóntase ao vasco *anai(a)* ‘irmán’ (Michelena 1973:152) e lembra ao que vimos na entrada de *Aboi*: algúns nomes de parentesco eran empregados como persoais en sinal de respecto ou amor.

Na documentación medieval o nome de lugar adopta diferentes grafías: *Cas Denaya* en 1254 (CODOLGA), *Casdanaya* en 1393 (TMILG) e *Kasdanaya* nun documento sen data (CODOLGA). Máis tardiamente, encóntranse referencias á parroquia e ao lugar no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

Os topónimos compostos pola voz *casa* e derivados son extraordinariamente frecuentes en Galicia (arredor de 700 aldeas) e *Naia* consta noutros tres lugares (NG).

Casforno

Lugar da parroquia de Dorra

En *Casforno* (/kaʃ'forno/), o termo *casa* (< latín CASA) (DCECH) aparece modificado polo substantivo *forno* (< latín FURNUS) (DCECH). A pesar de que *Furnus* foi nome persoal latino (LC 348), cremos máis factible que aluda a unha casa que no pasado destacou entre as demais por ter un forno, algo moi pouco habitual.

Constatamos no CME (1750-1754) o nome de varios veciños que habitan nun lugar do concello denominado *Forno*. Malia non termos ningún outro indicio en que apoiarnos, non podemos evitar relacionalo co topónimo presente.

A voz *forno* está presente noutros 36 lugares (NG).

Casilmoure

Lugar da parroquia de Amoexa

Casilmoure é un nome de lugar e composto de etimoloxía parcialmente dubidosa. Parece verosímil que o segundo compoñente, *moure*, remita a MAURI, xenitivo do nome persoal latino *Maurus* (LC 206). O segundo termo, *Casil*, é unha voz galega definida como unha “caixa do tear dividida en varios compartimentos nos que vai cadanseu nobelo que lle dá fío á urdideira” (DRAG), significado que nada acae para o topónimo. Ares Vázquez (2009:103) propón a comparanza co salmantino *casillo* (de *casa*) “corral pequeno para el ganado en medio del campo”, que en galego sería **caselo*.

Atestamos *Casil Moure* en 1750-1754 (CME) e *Casilmoure* no s. XIX (DGEHE).

A formación composta *Casilmoure* só existe no noso concello. Non figura ningún outro *Casil* no NG, mais o antropónimo dáse noutros lugares como *Moure Grande* e *Moure Pequeno* (Taboada).

Casteda

Lugar da parroquia de Queixeiro

Para explicarmos este topónimo (/kas'teða/ na pronuncia local) é preciso acudir ao froito do castiñeiro, a *castaña*, procedente do latín CASTANĒA, voz que á súa vez foi tomada do grego (DCECH). “Antes da chegada da pataca, as castañas ocupaban un lugar primordial na alimentación e na economía de Galicia, e a árbore que as produce constitúe unha das especies máis importantes da nosa flora” (Navaza 2006:182). *Casteda* provén

concretamente do latín CASTANĒTA a partir da caída do -N- intervocálico e dunha redución silábica: CASTANĒTA > *Castãeda* > *Castẽeda* > *Casteda* (Navaza 2006:189). O noso *Casteda* caracterízase por ser unha zona poboada de moitos castiñeiros.

Atestamos o topónimo no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

O NG recolle a maiores as aldeas *Casteda* (Chantada) e *As Castedas* (Monterroso).

Castrillón

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Nome de lugar que se explica como un derivado do latín *castru* (véxase *Castro*, *O*) mediante os sufixos *-iliu* e *-one*. Daquela, o seu étimo pode reconstruírse como un antigo *CASTRILIONE cunha evolución fonética perfectamente regular.

O NG rexistra 16 lugares (*O*) *Castrillón* e esta mesma estrutura morfolóxica vémola noutros topónimos galegos: *Pontillón* (de *ponte*), *Torrillón* (de *torre*), *Cotillón* (de *coto*) e *Montillón* (de *monte*).

Castro

Lugar da parroquia de Areas

Castro, O

Lugar da parroquia de Santo Estevo do Castro de Amarante

O Castro vén da voz latina CASTRU ‘campamento fortificado’ (DCECH). A variedade semántica desta voz nos rexistros latinos altomedievais condénsase nunha serie de valores primordiais: podía facer referencia a entidades de poboación herdeiras dos asentamentos prehistóricos, a antigos castros repoboados ou reutilizados con obxectivos estratéxicos, a fortalezas erixidas ao ritmo da colonización e, como consecuencia dun proceso metonímico, a calquera outeiro ou elevación do terreo no que houbera ou puidese haber algunha fortificación (Varela Sieiro 2008:57-60).

Atestamos este lugar sen artigo en Madoz (DGEHE).

Son máis de 400 os resultados que ofrece o NG para os derivados do latín CASTRU. En Galicia existen algo máis de 6000 persoas apelidadas *Castro*, das que 34 residen Antas (CAG).

Cervela, A (San Miguel)

Parroquia do concello

Cervela, A

Lugar da parroquia da Cervela

O topónimo *A Cervela*, pronunciado /aθer'belə/, semella estar emparentado coa familia léxica do animal *cervo* (< latín CĒRVUS) (DCECH). Porén, esta hipótese é altamente improbable, pois se os colonos galaicorromanos quixeran referirse a un lugar frecuentado por estes mamíferos ruminantes tiñan a man formas de uso habitual como *cervārius*, *cervālis* e incluso *cervīnus*, que deron lugar aos topónimos *Cerveira*, *Cerveiro*, *Cervera*, *Cerval* e *Cervás* (Bascuas 2014:303). Ademais, resulta pouco verosímil que este lugar encontre a súa motivación na forma feminina e diminutiva do animal *cervo* sen formar parte dun sintagma toponímico máis amplo (*O Rego da Cerva*, *Fonte dos Cervos*, *Vilar de Cervos* etc.). Así, xa que outros nomes de lugar similares (*Cervo*, *Cervantes*, *Cervaña*, *Cérvora* etc.) se xustifican como hidrotopónimos prerromanos (Bascuas 2014:§81) é posible que *Cervela*, composto por raíz prelatina e sufixo latino, aluda a un curso fluvial.

Atestamos *Cervelam* (1009), *Sancti Michaelis de Cervela* (1090) e *Cervela* (1091) (CODOLGA). No CME (1750-1754) cítase *Zerbela/Cerueta* e o topónimo (parroquia e lugar) é recolleito no DGEHE (1845-1850) como *Cerbela*.

Hai outra parroquia e outro lugar así denominados no Incio (NG).

Chacín

Lugar da parroquia de Santo Estevo do Castro de Amarante

En *Chacín* encontramos o resultado patrimonial dunha (VILLA) FLACCĪNĪ(Ī), na que se observa o xenitivo do antropónimo *Flaccin(i)us* (Piel 1947b:292). Este trátase dun derivado do cognome latino *Flaccus*, do adxectivo *flaccus* ‘fraco’ por medio da suma do sufixo diminutivo e hipocorístico *-īnus* (LC 240). Machado (DOELP s.v. *Chacim*) liga o *Chacín* galego e o *Chacim* portugués ao antigo substantivo *chacim* ‘porco’, pero coincidimos con Martínez Lema (2010:130) na inverosimilitude desta proposta.

Encontramos o topónimo atestado por primeira vez no DGEHE (1845-1850).

O NG recolle outros 6 antropotopónimos *Chacín* (NG).

Chapeleira, A

Lugar da parroquia de Dorra

A *Chapeleira* (/atʃape'lejɾa/) é un derivado formado co sufixo *-eira* (< latín *-ĀRĪA*). O máis probable é que derive de *Chapela*, topónimo que parece un diminutivo de *Chapa*, tamén topónimo (Ares Vázquez 2009:112). O apelativo *chapa* é unha voz galega, portuguesa e castelá de orixe incerta que Corominas (DCECH) liga a *clap* ‘roca, penedo, seixo’, especialmente cada un dos diseminados por unha ladeira de montaña que representan unha base **klappa* de xénese descoñecida.

O NG recolle só o lugar *A Chapeleira* de Antas e un *Chapa* en Silleda.

Chorente

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

A orixe do topónimo *Chorente* (/tʃɔ'rente/) encóntrase no xenitivo FLORENTII do nome persoal *Florentius*, derivado de *florens*, *-entis*, participio presente de *floreo* ‘florecer’: ‘que florece’ (LC 233).

No CME (1750-1754) cítase *Chorinte* e no DGEHE (1845-1850) *Chorente*.

En Galicia rexístranse 6 lugares *Chorente* (NG).

Cibreiro, O (San Miguel)

Parroquia do concello

Cibreiro, O

Lugar da parroquia do Cibreiro

O topónimo *O Cibreiro* pode encadrarse no tema do *acivro* (> latín AQUIFŎLIUM) (Navaza 2006:35) e remitir a un antigo **(a)civreiros* ou definirse coma un zootopónimo derivado de *cebro*, do latín EQUU FĔRU > ECIFĔRU ‘cabalo salvaxe’ (DCECH s.v. *cebra*). A constatación de que a forma maioritaria no concello para referirse á árbore silvestre do *Ilex aquifolium* é *acivro* (e non *acevo*) ligada ao descoñecemento sobre se nun pasado existiron aquí cabalos feros fai que encadremos o noso *Cibreiro* no grupo dos fitotopónimos, moito máis numeroso que o dos zootopónimos no territorio galego.

Constatamos *Zeureyro* en 1260/1269 (CODOLGA) e *Zevreyro* en 1293 (TMILG). Na documentación máis moderna figuran *Cebreiro* e *Zebreiro* no CME (1750-1754) e *Cebreiro* no DGEHE (1845-1850).

No NG encontramos outros 4 lugares (*O*) *Cibreiro*.

Coelleira, A

Lugar da parroquia de Dorra

A partir da revisión do NG propúxose modificar o topónimo *A Colleira* pola denominación local *A Coelleira* (ás veces tamén *A Cualleira*). Este alude a partir do latín CŪNĪCŪLUS ‘coello’ (DCECH) mais o sufixo *-eira* (< latín *-ĀRĪA*) a un lugar no que abundan os coellos. Posto que todo o termo municipal de Antas é moi rico en especies cinexéticas, resulta bastante plausible que a a aldea destacase pola presenza de coellos.

No século XIX (DGEHE) menciónase *Colleira*.

Nos concellos de Lugo e Silleda tamén existe un lugar *A Coelleira* (NG) e en Antas contamos co microtopónimo *A Cualleira de Aló*¹ na parroquia de Alvidrón.

Corgo, O

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Corgo (pronunciado con /ɔ/) é un vocábulo técnico da minería aurífera luso-galaica e deriva do hispano-latino CŌRRŪGUS, voz de natureza prerromana (DCECH s.v. *cuérrago*). Na actualidade, o termo recóllese no DRAG cun claro valor hidronímico que se ve reflectido no lugar de Antas a través da forte presenza do río Ulla. Ademais, nesta localidade consérvanse dous muíños maqueiros da primeira metade do século XX que posuiron de antigo un inmenso valor por seren a única industria transformadora que existía no rural.

O topónimo recóllese no século XIX (DGEHE) sen o artigo.

Na actualidade existen 11 lugares (*O/Os*) *Corgo(s)* mais o composto *O Porto do Corgo* (NG).

¹ Pode consultarse a xeolocalización deste e dos demais microtopónimos que se citarán no traballo na aplicación *Galicia Nomeada*.

Costa, A

Lugar da parroquia da Cervela

O topónimo *A Costa* (con pronuncia local /a'kɔstə/) lígase co substantivo homónimo, derivado do latín CŎSTA ‘costela’, ‘costado, lado’ que serve para designar a ‘ladeira dunha montaña’ ou un ‘terreo pendente’ (DCECH). Trátase, pois, da aplicación metafórica dunha parte do corpo á orografía. Este lugar caracterízase por ser bastante corgueiro.

O primeiro rexistro que encontramos deste ítem figura no CME (1750-1754).

O topónimo está presente en case 200 localidades galegas (NG).

Coto, O

Lugar da parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante (Santa Mariña)

O Coto (/ˈkoto/) remite á voz común *coto* “parte máis alta dun monte, que ten forma cónica” (DRAG). É comunmente admitida a súa orixe prelatina na voz *cotto* (TPH 269-275), aínda que Corominas (DCECH s.v. *cueto*) dubida entre esta ou unha procedencia de raizame expresiva.

Constatamos a presenza da aldea no DGEHE (1845-1850).

O NG rexistra máis de 150 topónimos (*O*) *Coto* mais compostos e derivados. Case 1000 galegos apelídanse *Coto* en Galicia e Antas e Monterroso son dos concellos onde máis persoas levan o apelido (CAG).

Cruceiro, O

Lugar da parroquia de Cutián

Lugar da parroquia de Terra Chá

En Antas existen dúas localidades denominadas *O Cruceiro*, topónimo que alude á existencia dun cruceiro ou cruz de pedra nas encrucilladas, nas beiras dos camiños, nos adros das igrexas ou nos lindes parroquiais. Na actualidade descoñécese a presenza de tal monumento no lugar de Terra Chá. Resulta evidente que o nome é un derivado do substantivo *cruz* (< latín CRUCE) (DCECH) por medio do sufixo *-eiro* (< latín -ĀRĪU).

Rexístranse no NG case 150 localidades galegas (*O/Os*) *Cruceiro(s)* mais compostos.

Cutián (San Xoán)

Parroquia do concello

Cutián

Lugar da parroquia de Cutián

Este topónimo nomea en Antas de Ulla unha parroquia e un lugar (a freguesía foi suprimida eclesiasticamente, pero segue a figurar en fontes civís). Aínda que o máis probable é que *Cutián* remita ao nome persoal latino *Cottidianus* (Solín 1994:319), tamén se podería comparar co portugués *Cotiães*, que, segundo Piel (NGTP 306), parece o xenitivo **Cottilanis* de *Cottila*, diminutivo de *Cotta*.

Documéntase *Cotyam* en 1280 (CDF), *Cutyán* en 1376 (TMILG) e *Cutián* en 1750-1754 (CME) e no século XIX (DGEHE).

No NG rexístranse os lugares de *Cutián de Abaixo* (Cesuras) e *Cutián* (Cotobade).

Dorra (Santiago)

Parroquia do concello

Dorra

Lugar da parroquia de Dorra

O topónimo *unicum Dorra* (/ˈdora/) é de orixe prelatina e destaca pola súa importancia histórica, pois deu nome ao *Comitatus Durriensis* no ano 569, documento no que se menciona *Durria* (CODOLGA) como límite do condado (Ares Vázquez 2009:112). A súa motivación é dubidosa para nós. Ares Vázquez (2011:315) ten en conta a variante antiga *Durria* para ligar o topónimo co antropónimo *Durrius*, variante de *Durius*, que ademais de nome persoal foi tamén nome de río (gal., port. *Douro*, cast. *Duero*) a través dun radical indoeuropeo **dheu-* ‘correr, fluir’.

Ademais desta atestación, a máis antiga do concello, *Dorra* rexístrase no testamento do bispo Odoario do ano 747 (CODOLGA), no 1038-1047 (CODOLGA), no 1216 (CODOLGA) e outros. No CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850) tamén figura e na GEG (1974) menciónase a parroquia de *Dorra*.

Eirexe, A

Lugar da parroquia de Facha

Lugar da parroquia de Olveda

A *Eirexe* trátase dun topónimo presente en dúas parroquias do concello. Vén do grego ἐκκλησία ‘reunión, asemblea convocada’, que chegou ao galego a través do latín vulgar ECLĒSĪAM, clásico ECCLĒSĪAM ‘reunión dos veciños’, ‘assemblea dos primeiros cristiáns para celebrar o culto’, ‘lugar no que este se celebra’ (DCECH). O máis habitual é que as aldeas así denominadas se sitúen no mesmo espazo que a igrexa parroquial, como ocorre nos lugares seoanenses.

O primeiro testemuño que encontramos destes topónimos é do século XIX (DGEHE) baixo a forma castelanizada *Iglesia*.

A *Eirexe* e as variantes (con e sen artigo) *Eirexa*, *Airexe*, *Airexa*, *Irexa*, *Irexe*, *Grixa* e *Igrexa* constitúen o grupo de topónimos máis abondoso en Galicia (NG).

Ermida, A

Lugar da parroquia de Olveda

O lugar da *Ermida*, articulado /ar'miðə/, é o máis afastado de toda a parroquia de Olveda e provén do latín ĒREMĪTA, derivado do adxectivo *ĕremus* ‘deserto’ adaptación tardolatina do termo grego ἔρημος ‘deserto, solitario’ (DCECH s.v. *yermo*). Actualmente, a voz *ermida* fai referencia a unha “igrexa pequena, situada xeralmente lonxe ou fóra dun núcleo de poboación, onde se venera un santo ou unha reliquia”. É posible que nun tempo pasado existira unha antiga capela no lugar de Antas.

Cítase *Hermida* no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

En Galicia rexístranse 79 topónimos (A) *Ermida* (NG).

Ermide

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

Véxase *Ermida, A*. Encontramos testemuñado *Ermide* no século XIX (DGEHE).

Escrita, A

Lugar da parroquia de Olveda

A *Escrita* provén, en opinión de Ares Vázquez (2009:113), do latín *ESCRIPTA*, se cadra por alusión a algunha escritura de doazón, foro ou a un petróglifo.

Madoz (DGEHE s.v. *Olveda*) rexistra o lugar de *La-Escrita*.

O NG amosa outros 5 lugares así nomeados.

Facha (San Xiao)

Parroquia do concello

Facha

Lugar da parroquia de Facha

O topónimo *Facha* acolle dúas teorías explicativas. Unha delas é ligalo á voz común *facha*, definida polo DRAG a partir dunha entrada remisiva ao termo *fachuzo* “presa de palla atada que se acende para alumar” e por Rivas (DdD) como unha “hacha, raja de leña para quemar”. Ademais, segundo Sánchez-Pardo (2014:419-421), os topónimos *Faro*, *Facho* e *Meda* vincúlanse cos sistemas de transmisión de sinais a longa distancia. Así, poderíamos vencellar o noso *Facha* con *Facho*, derivado do latín *FASCIUM* e relacionado cun feixe de espigas, herba ou palla listo para prender lume coa finalidade de enviar sinais. Outra alternativa, proposta por Ares Vázquez (2009:113), é que proceda de **FASCULA*, alteración do latín *facula*, diminutivo de *fax*, *facis*, que deu lugar ao nome persoal *Facula*, o posuidor do lugar.

A parroquia e o lugar figuran no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

En Galicia non chegan a 10 os topónimos nos que aparece o termo *facha* (NG).

Feás

Lugar da parroquia de Alvidrón

As voces galegas *feno* e *feo* proceden do latín *FĒNU* (DCECH) e remiten á “herba segada e seca que serve de alimento para o gando” ou á “planta das gramíneas que se caracteriza polo seu particular recendo” (DRAG). Deste étimo emerxeu un derivado abundancial ou colectivo **FENALE*, cuxa forma de plural **FENALES* orixinou o topónimo *Feás* (Navaza 2006:258): **FENALES* > **Feãës* > **Feããs* > *Feás*.

Atestamos o lugar no século XIX (DGEHE).

Os topónimos (*Os*) *Feás* mais sintagmas compostos rexístranse noutros 13 concellos galegos e en Negreira e Santiago de Compostela encontramos a variante *Feáns* (NG). O apelido *Feás*, pouco frecuente en Galicia (127 ocorrencias), conta con 13 portadores en Antas (CAG).

Fondevila

Lugar da parroquia de Casa de Naia

Lugar da parroquia de Olveda

Este topónimo nomea dúas entidades de poboación no noso concello (ambas as dúas pronunciadas con /o/). Nel observamos o resultado, por haplloxía, dun sintagma previo **Fondo de Vila*, en que están presentes os substantivos *fondo*, do latín FŪNDU (DCECH) “parte máis baixa duna cousa oca” (DRAG) e *vila*, do latín VILLA (DCECH) “entidade de poboación máis pequena ca a cidade e máis grande ca a aldea (...)” (DRAG). Daquela, o topónimo *Fondevila* adoita referirse a un lugar situado debaixo ou no fondo doutro próximo máis alto: a vila. Non obstante, tamén cabe a posibilidade de que o primeiro termo sexa *fonte*, do latín FŌNTE (DCECH), agochando un anterior **Fonte da vila*. Sabemos con certeza que o lugar de Casa de Naia se encontra no fondo da vila, mais no caso da localidade de Olveda é probable que aluda á abundancia de fontes, entre as que destacan a da Candoira, a da Picha e a da Poteira. Esta última é a que dá orixe ao río Ulla.

Temos testemuñado só o lugar de Olveda no século XIX (DGEHE).

O NG rexistra outros 22 núcleos de poboación denominados *Fondevila*.

Fonfría

Lugar da parroquia de Cutián

Fonfría (/fom'friã/) procede dun antigo sintagma latino FŌNTE FRĪGĪDA (DCECH). A aplicación das regras fonéticas do galego dá regularmente o resultado **Fonte Fría*, no que se produce a apócope do núcleo nominal: **Fonte Fría > Fonfría*.

Atéstase *Fonte Frigida* en 1077 (CODOLGA) e *Fonfría* en 1845-1850 (DGEHE).

O topónimo está presente tamén nos concellos da Fonsagrada, As Nogais, Begonte, Pedrafita do Cebreiro e Pol (NG).

Fontelo

Lugar da parroquia de San Martiño de Amarante

O topónimo seoanense /'fontelo/ remite ao étimo FONTANĒLLUM, derivado diminutivo do latín *fōnte* (DCECH). Esta voz engloba unha grande familia de topónimos galegos que inclúe tamén os derivados con nasal e rematados en *-a*: *Fontenlo/Fontenla* e *Fontela*. Moralejo Lasso (1977:90-93) vincula a alternancia de formas coa distribución territorial das variantes *-án/-ao* en Galicia, facéndoa derivar dunha forma hipotética **fontāela* (< latín FONTANĒLLA), con contracción das vogais e posterior desnasalización (*Fontao, Fontela* etc.), ou cunha condensación e restitución da nasalidade en posición posterior á vogal contracta: *fontāelo > fontēelo > fonte(n)lo*.

Encontrámolo testemuñado por primeira vez no DGEHE (1845-1850).

O NG recolle outros 10 lugares (*O*) *Fontelo*.

Frádegas

Lugar da parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante

Frádegas remite ao étimo latino **FRABĪCA > FABRĪCA* ‘arte do ferreiro’, ‘fragua’, derivado de *faber* ‘ferreiro’, ‘artesán’ (DCECH s.v. *fragua*) e relaciónase coa palabra viva no galego actual *fragua* “taller onde se traballa o ferro” (DRAG).

Cítase *Fabricas* en 1077 (CODOLGA) e *Frádegas* en 1845-1850 (DGEHE).

O nome de lugar (*A/As*) *Frádega(s)* consta noutros 6 lugares galegos (NG). Ademais, en Antas é frecuente a denominación *cadela de frádegas* para o insecto coñecido comunmente como *cadela de frade*.

Fraga, A

Lugar da parroquia de Arcos

O termo *fraga* procede do plural neutro FRĀGA do substantivo latino-hispánico *frāgum* ‘lugar fragoso, penedoso’, que se formou por regresión do adxectivo *fragōsus* ‘áspero, escarpado, rochoso’, ‘paraxe con maleza’, ‘breña’ (Bravo Pérez *et al.* 2006:358). Polo tanto, o seu significado orixinario alude a un lugar no que abundan as pedras. Porén, debido á erosión destas deuse a aparición nas fragas de maleza, arbustos e monte baixo ata configurar o significado xeral e actual de ‘bosque’, fundamentalmente de carballos e

castiñeiros (Bravo Pérez *et al.* 2006:359), como no lugar de Antas. Daquela, *fraga* é unha voz polisémica, cuxo significado orixinario único pasou a adquirir outro.

O topónimo consta no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

O NG rexistra 111 lugares (A) *Fraga* mais compostos.

Funsín

Lugar da parroquia de Árbol

Nome de lugar que procede do xenitivo do antropónimo gótico *Fonsinus/Funsinus*, constituído polo tema xermánico **funs* ‘disposto, valente’ e o sufixo *-inus* (HGN 96/2).

A pesar de que a forma *Funsín* non se repite no territorio galego, rexístranse os lugares de *Fonsín*, *Afonsín* e *Alfonsín* procedentes do mesmo étimo (NG).

Gondoriz

Lugar da parroquia de Olveda

O topónimo *Gondoriz* é pronunciado xeralmente /gonðo'riθ/, pero ás veces, sobre todo na poboación de máis idade, prodúcese o fenómeno da gheada a partir dun fono fricativo, faringal non voceado: /honðo'riθ/. Este vén do antropónimo gótico *Guntericus*, integrado polos temas **gunþi-* ‘loita’ e **rikaz* ‘poderoso’ (HGN 145/28).

Atéstase *Gunduriz* no DGEHE (1845-1850 s.v. *Olveda*).

O NG rexistra os compostos *Gondoriz Grande* e *Gondoriz Pequeno* (Lalín).

Gradoi

Lugar da parroquia de Reboredo

Gradoi, articulado /gra'ðoi/ ou /hra'ðoi/, parece ter parentesco etimolóxico co antropónimo gótico **Gard-oi(?)*, composto polo tema **gards* ‘casa, patio’ (HGN 117/2). Non obstante, os testemuños que conservamos do topónimo, *Guadrui* en 1285 e *Goaadroy/Goadroy* en 1376 (TMILG), fan que sexa posible relacionalo cos nomes *Gulatrudia/Gulatrui*, **Walatrudia/Qualatrudia* emparentados co verbo gótico **goljan* ‘saudar’ e co tema **trudia* ‘forza’ (HGN 133/6, 288/8).

Gradoi consta no DGEHE (1845-1850) como parroquia e lugar e hoxe só é aldea.

Nas Somozas localízase outro *Gradoi* (NG).

Lamas

Lugar da parroquia de Peibás

Lamas é o plural do substantivo *lama* “masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga” (DRAG). Desde o punto de vista etimolóxico, a pesar de que Corominas (DCECH) liga a voz ao estrato latino, Menéndez Pidal (TPH 98-102) confirma que se trata dun vocábulo de orixe prelatina. Os topónimos *Lama(s)* acostuman designar un terreo con moito lodo, coma ocorre neste lugar de Antas.

Cítase o singular *Lama* en 1285 (PSVD) e o plural *Lamas* en 1496 (TMILG). O topónimo tamén figura no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

No NG existen máis de 100 lugares (*A/As*) *Lamas* e no concello temos os microtopónimos *A Chousa de Lamamiá* e *O Lameiro*.

Laxe, A

Lugar da parroquia de Barreiro

O substantivo *laxe* sinala unha “pena de grandes dimensións e de superficie lisa, que aflora nun terreo sen sobresaír del” (DRAG). Provéen da voz hispano-latina LAGĒNA e esta do céltico (DCECH).

Cítase *Lagea* en 1269, 1391, 1403 e 1496 (TMILG).

O NG recolle preto de 90 núcleos de poboación (*A/As*) *Laxe(s)* e en Antas rexístrase o oromicrotopónimo *A Laxe*.

Lebesende

Lugar da parroquia de Queixeiro

Lebesende (/leβe'sende/) vén do xenitivo *Leovesindus*, antropónimo xermánico formado polos elementos **leuba-* ‘querido’ e *-sinda*, feminino analóxico a partir de *-sindus*, do gótico **sinþs* ‘camiño’ (HGN 169/10).

Cítase *Levosende* en 1287, 1293, 1348 e 1473 (TMILG) e *Levosendo* en 1348 (CDO). No CME (1750-1754) rexístrase *Lobosende* e no DGEHE (1845-1850) *Lebosende*.

En Galicia non consta ningún outro *Lebesende*, pero dáse a forma *Lebosende* en Carballo e Leiro (NG).

Ludeiro

Lugar da parroquia de San Martiño de Amarante

O topónimo *Ludeiro* remite ao latín LŪTUM ‘lodo’ (DCECH s.v. *lodo*) e a través do sufixo *-eiro* (< latín -ĀRĪŪ) indica un lugar no que é abundante o barro.

Atestamos *Ludeiro* en 1114 (CODOLGA), *Lodeyro* en 1269 (TMILG) e *Lodeiro* no século XIX (DGEHE).

O NG recolle 10 lugares (*O*) *Ludeiro(s)*.

Mancegar

Lugar da parroquia de Alvidrón

Lugar da parroquia de Vilapoupre

O *unicum Mancegar* pertence a dúas parroquias diferentes segundo a súa distribución a longo do camiño. En opinión de Ares Vázquez (2009:100), parece remitir a un nome composto persoal, mais non temos indicios que nos permitan confirmalo.

Cítase *Manzegar* en 1289 (CODOLGA). Só o lugar da parroquia de Alvidrón figura no CME (1750-1754) e os dous no DGEHE (1845-1850).

Martín

Lugar da parroquia de Cutián

Lugar da parroquia de Reboredo

Topónimo descendente dunha antiga (VILLA) MARTINI. Esta alude moi probablemente a unha posesión dun home chamado *Martinus*, denominación tradicional de escravos e libertos que se debe ligar co deus Marte e a súa difusión co culto a san Martiño de Tours (Piel 1947b:325). Ademais, *Martinus* foi un dos antropónimos máis frecuentes en Galicia a partir do século XII (AMG 302) e maniféstase na actualidade por medio dos resultados patrimoniais *Martiño* e *Martín*, ambos os dous presentes no noso concello.

A primeira e única atestación destes lugares está no DGEHE (1845-1850).

O NG ofrece 43 resultados para o antropotopónimo que aparece en construcións illadas ou compostas.

Medeiro

Lugar da parroquia de Barreiro

O topónimo *Medeiro* (/me'ðejrɔ/) remite á voz común homónima recollida no DRAG co significado de “grupo de monllos de centeo, trigo etc., colocados de pé uns contra os outros, que se fai na leira despois de segar”. Este deriva do latín *MĒTA* ‘obxecto de forma cónica’ (DELL) por medio do sufixo *-eiro* (< latín *-ĀRĪU*).

Cítase no século XIX (DGEHE).

En Galicia rexístrase outros dous topónimos *Medeiro* (Ourense e Vigo) (NG).

Montecelos

Lugar da parroquia de Dorra

Montecelos (/montɛ'θelɔs/) reproduce a evolución regular en galego do latín *MONTICĒLLU*, derivado do substantivo *monte* (< latín *MONTE*) (DCECH) a través do sufixo diminutivo *-(I)CĒLLU*. Así, este lugar fai referencia a un monte de pequenas dimensións.

A localidade cítase no século XIX (DGEHE) baixo a forma *Montecelo*.

O NG recolle 29 lugares denominados (*O/Os*) *Montecelo(s)* e esta mesma estrutura atopámola noutros topónimos galegos: *Portecelo* e *Portocelo* (de *porto*), *A Ponticela* (de *ponte*), *Arcucelos* (de *arco*) e similares.

Nugallás

Lugar da parroquia de Arcos

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

Durante anos, a localidade representativa do centro xeográfico de Galicia estivo moi disputada con concellos lindeiros. Finalmente, no ano 2020 o Instituto Geográfico Nacional situouno no lugar de *Nugallás* (Arcos) de Antas. Do punto de vista etimolóxico, o topónimo (pronunciado en ocasións /nuħa'ħas/) alude probablemente ao abundancial *NUCALIALES*, do latín *nucalia* ‘nogueira’ baseado en *nŭce* ‘noz’ (DCECH). Porén, convén ter en conta que *nugallás* é a forma plural do adxectivo *nugallán* “que se deixa levar pola nugalla” (DRAG). Neste sentido, trataríase dun topónimo galego de natureza xocosodespectiva que provén do latín *NUGAE* ‘bobadas, bagatelas’, *nugali*, *-ale* ‘home frívolo, sórneas’ (Ares Vázquez 2009:101). Con todo, o certo é que os dous lugares *Nugallás* están fortemente poboados pola árbore da noqueira.

Encontramos *Nugallás* no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

Esta forma só se rexistra en Antas, fronte a occidental *Nogalláns* (Trazo) (NG).

Olveda (Santa María)

Parroquia do concello

O *unicum Olveda*, pronunciado /ol'βeðã/, procede do latín OLIVA ‘oliveira’ (DCECH), nome galego do froito da árbore *Olea europaea*. En Galicia dáse unha abundante presenza deste tema na toponimia, o que indica, segundo Navaza (2006:379-381), que foi unha especie relativamente común na nosa flora ata que no século XVIII as disposicións reais promoveron o cultivo da oliveira en áreas andaluzas. Esta parroquia caracterizouse e caracterízase pola cantidade de oliveiras que alberga.

Entre as atestacións máis antigas, rexístranse *Sancte Marie de Oliueto* no 963 e 1163 (CODOLGA), *Olveda* no 1257 (CODOLGA), 1276 e 1300 (TMILG) e *Olueda* no 1264, 1266, 1268 (CODOLGA) e 1274 (TMILG). O nome de lugar consta na documentación do CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850)

Ourás

Lugar da parroquia de Reboredo

Recoñecemos no topónimo único *Ourás* o tema prelatino *aura* co sufixo abundancial latino -ALES (> -ás), que dá lugar á formación romance *aurale* derivada de **aurā* ‘auga’ (Bascuas 2014:189). A propósito da vasta cantidade de derivados deste tema no territorio galego e a posible relación errada co elemento químico do ouro, Bascuas (2014:189) estipula que “nin ao máis optimista se lle ocorrería imaxinar tanto ouro en Galicia”.

Atestamos *Ourás* en 1750-1754 (CME).

Outeiro

Lugar da parroquia de Alvidrón

Outeiro, O

Lugar da parroquia de Areas

Outeiro é unha voz viva no galego actual co significado de “pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión” (DRAG). A explicación tradicional desta forma faina proceder dunha voz vulgar **ALTĀRĪŪM*, refeita a partir de *altāriā*, plural do latín *altāre* ‘altar’, que

experimentou un proceso de difusión semántica: ‘altar’ > ‘elevación natural’ (Martínez Lema 2010:263). Porén, segundo Álvarez Maurín (1994:88), a inexistencia de rexistros gráficos dos que se poida deducir algún vínculo formal entre *outeiro* e *ALTĀRĪŪM fai que o termo deba interpretarse coma unha formación composta polo radical adxectivo *outo* (< latín ALTŪ), inexistente no léxico común actual, e o sufixo *-eiro* (< latín -ĀRĪŪ).

O NG evidencia que se trata dun topónimo moi abundante na xeografía galega (case 600 lugares (*O*) *Outeiro* e derivados). Ademais, dos lugares así chamados emerxeu un dos apelidos máis habituais de Galicia, hoxe castelanizado como *Otero*. A forma galega non consta en Antas, a diferenza da castelá que posúe 107 portadores (CAG).

Outeiro de Amoexa

Lugar da parroquia da Amoexa

Para a segunda parte do topónimo véxase *Amoexa*. Cítase este lugar como *Outeiro* no DGEHE (1845-1850).

Outeiro de Donas

Lugar da parroquia de Casa de Naia

É moi probable que esta entidade de poboación, pronunciada /ow'tejɾoðe'ðonas/, faga referencia a unha posesión que tivo na parroquia de Casa de Naia o mosteiro de Vilar de Donas (Palas de Rei). O segundo compoñente procede do latín medieval DŌMNA, redución de *domina* ‘dama’ (DCECH).

A forma *Donas* está presente noutros 8 lugares (NG).

Paredes

Lugar da parroquia de Barreiro

Paredes (/pa'reðes/) remite ao plural do latín vulgar *PARETE (en latín clásico PARIĒTE) e pode facer referencia ás paredes dun edificio en ruínas (DCECH) que na actualidade non logramos constatar.

A primeira atestación que obtemos de *Paredes* remóntase ao século XIX (DGEHE).

Trátase dun topónimo distribuído en 60 lugares rexistrados no NG e en Galicia hai case 4000 persoas apelidadas *Paredes*, apelido de 7 persoas do noso concello (CAG).

Parrocha, A

Lugar da parroquia da Agüela

O topónimo *A Parrocha*, pronunciado con /ɔ/, conduce ao substantivo homónimo definido como unha “sardiña pequena” (DRAG). Non obstante, pola situación do lugar e o concello que o acolle non ten moito sentido que aluda a un peixe. Segundo Navaza (2006:398), o máis probable é que a orixe do nome de lugar se encontre no termo *parra* “videira levantada artificialmente”, voz común aos romances ibéricos de orixe incerta sobre a que se teñen proposto etimoloxías prerromana e xermánica. A partir dunha revisión histórica comparativa con outras linguas, pode dicirse que o sentido orixinario de *parra* foi o de ‘cercado’ ou ‘cuberto’, relacionado co do latín medieval *parricus* ‘graneiro’, ‘cercado’ (Navaza 2006:398).

No DGEHE (1845-1850) figura como *Parrocha*.

A denominación (*A*) *Parrocha* rexístrase en 13 lugares de Galicia (NG).

Pazo, O

Lugar da parroquia da Cervela

Lugar da parroquia de Dorra

O substantivo común *pazo* lígase ao latín PĀLĀTĪŪ e orixinariamente dába nome á residencia dos emperadores romanos no monte *Palatinum* (DCECH s.v. *palacio*), polo que acabou adquirindo o significado actual “edificio grande e luxoso que serve de residencia a unha persoa importante, ou que antigamente foi residencia dunha familia nobre” (DRAG). Non obstante, unha boa porcentaxe dos topónimos (*O*) *Pazo*, entre os que se inclúen os dous do concello de Antas de Ulla, encádranse no substrato prelatino a partir dun étimo **palat-io* ‘curral, redil’, ‘habitación de pastores’ (Moralejo Álvarez 2007:291).

O topónimo figura no CME (1750-1754).

En Galicia, as aldeas denominadas (*O*) *Pazo* roldan as 200 (NG).

Pedrouza, A

Lugar da parroquia de Barreiro

A *Pedrouza* deriva do latín PĚTRA (DCECH) e a través do sufixo prerromano *-ouza* fai referencia a unha zona pedregosa.

A pesar de que esta forma non figura en ningunha outra aldea galega, os topónimos (*O/Os*) *Pedrouzo(s)* roldan as 40 ocorrencias (NG).

Pedrouzos, Os

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Véxase *Pedrouza*, A. O lugar cítase no DGEHE (1845-1850).

Peibás (San Lourenzo)

Parroquia do concello

Peibás

Lugar da parroquia de Peibás

Topónimo opaco que se clarifica a través dos sintagmas *Pai Vaz* ou *Paio Vaz* (Navaza 1991:25). O nome *Paio*, extraordinariamente frecuente na época medieval e con escasa vitalidade na antroponimia actual, provén do latín *Pelagius*, antropónimo procedente do grego πέλαιος ‘mar’ (Piel 1947b:346). O apelido *Vaz* é a forma patronímica medieval formada co xenitivo a partir do nome galego *Vasco*, antropónimo hispano de posible xénese prelatina (*Velasco* > *Veasco* > *Vaasco* > *Vasco*) (Navaza 1991:31).

Cítase *Santo Laurencio de Peruaes* en 1251 (CODOLGA), *San Lourenço de Peyvaes* en 1363 (TMILG), *Sam Lourenço de Peyvaes* en 1473 (TMILG) e *Peibás* en 1750-1754 (CME) e 1845-1850 (DGEHE).

Peibás non se rexistra en ningún outro lugar galego. Porén, o antropónimo *Paio* déixase ver noutras aldeas: *Peai* (Sanxenxo), *Paio* (A Cañiza) e similares (NG).

Pena Lagarteira

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Topónimo rexistrado no NG como *Penela Garceira*. Após a confirmación dun número considerable de habitantes do lugar e da parroquia, propúxose o cambio para a denominación local: *Pena Lagarteira* (/ˈpenəlayarˈtejɾa/).

O primeiro compoñente, *pena*, é obxecto de discusión etimolóxica. Se ben algúns autores consideran máis acertado relacionalo cun substrato prelatino (Dauzat e Rostaing 1963:232), tradicionalmente interpretouse como froito do latín PĪNNA ‘amea, ‘pluma e, posteriormente, ‘pedra alta, monte’ (DCECH), etimoloxía que seguiremos neste estudo. O

segundo termo, *Lagarteira*, ten a súa orixe no substantivo *lagarto*, procedente do latín LACERTUS e máis concretamente da variante *LACARTUS, forma dialectal arcaica (DCECH). Así, o lugar remite a unha formación pétreo de grande tamaño que destaca considerablemente da superficie na que son frecuentes estes réptiles.

A voz *pena* xunto cos seus derivados e compostos figura en cerca de 400 lugares e o substantivo *lagarto* encóntrase noutras 9 localidades (NG).

Penela

Lugar da parroquia de Cutián

Á marxe do topónimo simple *Pena(s)*, a proxección toponímica deste orónimo no territorio galego ilústrase por medio de distintos derivados como *Penela* (/pe'nela/), procedente do latín PINNĒLLA, diminutivo de *pīnna* (véxase a entrada anterior) por medio do sufixo *-ĕlla*, hoxe non produtivo e substituído por *-iña*. O *Penela* de Antas de Ulla é un lugar marcado pola presenza dunha prominencia rochosa de pequenas dimensións.

En 1077 (CODOLGA) cítase *Pinnela*, en 1428 (TMILG) *Penella* e en 1453 (TMILG) *Penela*. O lugar consta asemade no CME (1750-1754).

En Galicia rexístranse case 80 lugares (A/As) *Penela(s)* (NG).

Pereiras

Lugar da parroquia de Amoexa

Pereiras (/pe'rejras/) (< latín PĪRĀRĪA) é un derivado do substantivo *pera* (< latín PĪRA) (DCECH), que dá nome á froita de distintas variedades do *Pirus communis* (Navaza 2006:403). A pesar de seren moi abondosos os topónimos que comprenden formas vinculadas aos derivados de PĪRĀRĪA, PĪRĀRĪU, existe outra teoría explicativa sobre a súa orixe: *Pereiras* podería relacionarse co derivado abundancial PETRĀRĪA ‘pedreira’, derivado de *pĕtra* ‘pedra’ (DCECH) pola converxencia fonética da evolución dos dous étimos. Daquela, na primeira proposta falaríamos dun fitotopónimo que alude á abundancia de pereiras na zona e na segunda dun orotopónimo que fai referencia ao material do que está formado o terreo. Só as atestacións antigas poden dilucidar a orixe de cada topónimo, aínda que, segundo Navaza (2006:403), na maioría dos casos é fitonímica.

Atestamos a forma *Pereiras* no CME (1750-1754).

O NG rexistra 43 (*As Pereiras* e compostos.

Píos, Os

Lugar da parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante

O topónimo *Os Píos* podería vincularse, segundo Carrasco e Navaza (2014:132), cun nome persoal *Pío* (< latín PIUM ‘piadoso’), que se popularizou por ser o nome de varios pontífices de Roma. Porén, é máis probable que aluda á existencia dun *pilón* ou *pío* (< latín PILUM) para conter auga ou a un pío da industria artesanal da pel, xa que os píos eran os lugares nos que se alagaban as peles con casca de piñeiro (pío de casca) ou con cal (pío de cal) co obxectivo de eliminar delas os restos orgánicos e proceder ao seu curtido (Carrasco e Navaza 2014:132). Neste lugar existiu de antigo un muíño de auga que puido contribuír á actividade do curtido.

O NG rexistra outros 4 lugares (*O/Os Pío(s)*) e o composto *Alto do Pío*.

Ponte Mercé, A

Lugar da parroquia de Barreiro

O topónimo *A Ponte Mercé* (/a'pont̪mer'θe/) componse polo substantivo *ponte*, que procede do latín PŎNTE (DCECH) e alude a unha “construción que se fai sobre os ríos, foxos etc., para unir os dous lados e poder así atravesalos” (DRAG). *Mercé* remite ao latín MERCĒDEM derivado de *merces*, *-ēdis* ‘paga’, ‘recompensa’ (DCECH).

Este lugar figura como *Puente Merced* no DGEHE (1845-1850).

Unha parte desta aldea pertence a Palas de Rei e por iso o lugar consta no concello veciño (NG).

Portocarreiro

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Portocarreiro, pronunciado /port̪ka'rej̪r̪/, é un topónimo composto polo substantivo *porto* (< latín PŎRTU) (DCECH) “lugar estreito dun río, con pouca auga e pouca corrente, por onde se pode atravesar” (DRAG) e polo cualificativo *carreiro* (véxase *Carreira, A*). Temos constancia de que de antigo, polo menos ata os anos 70, os veciños empregaban a denominación *A Casanova* para referirse a esta localidade, aínda conservada nalgúñas persoas de idade.

Rexístrase tamén o lugar *Portocarreiro* en Santa Comba (NG).

Pumar, O

Lugar da parroquia de Arcos

Este topónimo, pronunciado /opo'mar/, debemos ligalo ao substantivo *pomar* “terreo ou horta plantada de árbores froiteiras, especialmente de maceiras” (DRAG). A forma *pomar* é un derivado da voz latina POMU ‘froitto comestible, mazá’ (DCECH s.v. *pomo*), que, segundo Navaza (2006:340), desde o século I d.C. foi substituída na Península Ibérica polo neoloxismo MAT(T)IANA ‘mazá’, étimo orixinario do substantivo galego *mazá*.

Atestamos *Pumares* no ano 907 (CODOLGA) e *Pumare* no 1029, 1031 e 1071 (CODOLGA). O lugar tamén se inscribe no DGEHE (1845-1850).

En Galicia existen 83 lugares (*O*) *Pumar* mais derivados e compostos (NG).

Puzos

Lugar da parroquia de Olveda

En *Puzos* encontramos o substantivo común *pozo*, que deriva do latín PŪTĒUS ‘pozo’ (DCECH). Esta voz pode facer referencia a unha presa nun río, valor que aínda se rexistra no galego actual, ou a un pozo de auga, probablemente a súa acepción primordial (Varela Siero (2008:349). A forma estándar hoxe recoñecida é *pozo*, presente en 25 lugares no NG. Deste xeito, o topónimo *Puzos* (só rexistrado en Antas) é unha variante dialectal, cuxo pechamento nun grao da vogal tónica pode explicarse por influencia do iode.

Cítase *Pozos* no DGEHE (1845-1850).

Queixeiro (San Pedro)

Parroquia do concello

Queixeiro é un topónimo difícil para o que non temos unha explicación segura. As atestacións antigas *Queygeiro* (1257, CODOLGA), *Queygeyru* (1260, CODOLGA), *Queigeyro* (1293, TMILG) e *Queyjeyro* (1473, CX) permiten, por presentaren as consoantes sonoras <gi> e <j>, relacionalo co latín CASEU ‘queixo’, ‘produto lácteo’ (DCECH). Ao mesmo tempo, este feito desbota a posibilidade de que proceda de CAPSEU ‘semellante a unha caixa’, do latín *capsa* ‘caixa’ (DCECH s.v. *quejar*). Así, Ares Vázquez (2009:115) expresa que o topónimo pode aludir a un fabricante ou vendedor de queixos

que existiu no lugar nalgún momento histórico. No entanto, é pouco probable que a súa motivación se encuentre nun único produtor de queixos, pois tería que estar apoiada por outro tipo de información que hoxe non posuímos. O nome tamén podería remitir a unha orixe prerromana e unha acepción oronímica que se lle atribúe ás formas *queix-*, como *Serra de Queixa* (DAG).

Ademais dos rexistros referidos, cítase *San Pedro de Queijeiro* no CME (1750-1754) e *Queijeiro* mais *Queijero* no DGEHE (1845-1850).

Queixeiro forma parte de 3 nomes de lugar e de 2 parroquias en Galicia (NG).

Quintela

Lugar da parroquia da Cervela

Resulta complexo determinar a orixe do topónimo *Quintela* (/kin'telə/) se non se leva a cabo unha análise minuciosa das atestacións antigas, así como das características lingüísticas propias de cada zona xeográfica. No occidente galego produciuse unha “consonantización da nasalidade xerada pola síncope no -N- etimolóxico latino” (Martínez Lema 2010:283), polo que o correlato occidental de *Quintela* é *Quintenla*. Debido á transparencia etimolóxica deste último nome de lugar sabemos que procede da voz latina QUINTANĒLLA e esta de *quintāna*, feminino do adxectivo *quintānus* derivado do numeral *quīntus*. Non obstante, a forma toponímica *Quintela* podería explicarse tanto a partir de QUĪNTA (> QUINTĒLLA), como de QUINTĀNA (> QUINTANĒLLA) (Martínez Lema 2010:283). Sexa cal sexa o seu étimo, é plausible que o nome de lugar aluda a varios significados: “propiedade rústica delimitada que alberga unha vivenda familiar co seu correspondente espazo agrícola”, “terra dedicada ao cultivo” ou “terreo que circunda unha vivenda” (Varela Sieiro 2008:69-72).

Cítase *Quintela* no ano 1336 (TMILG) e no século XIX (DGEHE).

O NG rexistra 52 lugares que conteñen esta denominación.

Randulfe

Lugar da parroquia de Árbol

O nome de lugar *Randulfe* ten toda a fasquía de ser a evolución dun sintagma (VĪLLA) RANDULFĪ, composto polo xenitivo do nome persoal xermánico *Randulfūs*, no que identificamos os temas *rand-* ‘beira do escudo’ e *wulfs* ‘lobo’ (HGN 217/4).

Testemuñamos *Randulfus* no ano 842 (CODOLGA).

Existen varias posibilidades evolutivas do tema *wulfs* en Galicia a través dos topónimos *Randufe* (4 lugares), *Randulfe* (4 lugares) e *Randolfe* (1 lugar).

Reboredo (Santiago)

Parroquia do concello

O topónimo *Reboredo* (/reβo'reðo/) provén do latín RÖBÖRĒTU ‘carballeira’ e trátase dun colectivo derivado de *rōbūr*, *robōris* ‘carballo’ (DCECH). Este étimo dálle nome á especie *Quercus robur* e é a orixe do castelán *roble* e do catalán *roure*. Porén, no noroeste peninsular coincidiu coa voz prelatina da que provén o galego *carballo* e “a vitalidade da denominación prerromana impediu o arraigo da forma latina” (Navaza 2006:465). Con todo, esta sobreviviu na toponimia especialmente en derivados a través do sufixo abundancial -ĒTU (e -ĒTA) que vemos en *Reboredo*.

Temos constancia de que a parroquia de Borraxeiros (Agolada) xunto coa de Reboredo (Antas de Ulla) nomearon un arciprestado eclesiástico desde o século XVII ata finais do XIX chamado *Reboredo-Ventosa* (Méndez 2016b:84).

Testemuñamos *Roboreto* en 1075 (CPR), *Reboredo* en 1239 (CODOLGA) e 1285 (PSVD), *Revoredo* en 1285 (PSVD) e *Santiago de Reuoredo* en 1376 (TMILG). A parroquia consta tamén no CME (1750-1754) como *Santiago de Reuoredo*.

En Galicia, as entidades de poboación así nomeadas roldan as 60 (NG).

Receendes

Lugar da parroquia de Santo Estevo do Castro de Amarante

O topónimo *Receendes*, pronunciado /reθe'θendɛs/, ten a súa orixe no antropónimo xermánico *Recesindus*, composto pola raíz *rec(c)-*, un elemento onomástico gótico moi produtivo de orixe escura: o gótico *riqis* ‘escuridade’, ou *wrikan* ‘perseguir’; o segundo compoñente é **sinþs* ‘camiño’ (HGN 219/20).

Cítase *Recesendes* no DGEHE (1845-1850).

O NG recolle outro *Receendes* en Portomarín e un *Receende* na Pontenova.

Regadío

Lugar da parroquia de Terra Chá

Regadío (/reɣaˈðio/ ou /reñaˈðio/) é un substantivo común que designa un “terreo que se pode regar por haber auga preto e no cal se cultivan plantas que precisan ser regadas con frecuencia” (DRAG). Trátase do derivado RIGATIVUM do verbo *regar*, do latín *rigare* ‘regar’, ‘facer fluír dirixindo’ (DEEH s.v. *rigare*).

Atestamos *Regadio* en 1285 (PSVD), 1433 (TMILG), 1750-1754 (CME) e 1845-1850 (DGEHE).

O topónimo non se rexistra en ningún outro concello e como apelido conta con 36 ocorrencias centralizadas en Taboada, Monterroso e Antas de Ulla (CAG).

Rego do Santo, O

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Próximo ao asentamento da vila, no seu lado este, encóntrase o lugar do *Rego do Santo* pronunciado maiormente como /oˈreɣodoˈsanto/ e nalgúns casos coa consoante faringal /h/. Este topónimo remite primeiramente ao substantivo *rego*, cuxa etimoloxía reside na posible confluencia do prerromano *RĚCU ‘regato’ (DCECH s.v. *regar*) e da familia léxica do latín RIGARE ‘regar’, ‘facer fluír dirixindo’ (DEEH s.v. *rigare*). O significado que adquire no concello alude a un “pequeno suco natural polo que corre a auga” (DRAG). O segundo termo do topónimo procede do latín SANCTU ‘santo’, ‘sagrado’ (DCECH). Un dito popular conta que nesta localidade existiu un manancial ao que se lle atribuían virtudes rexenerativas.

O NG almacena cerca de 200 hidrotopónimos con base en *Rego* e máis de 100 derivados de SANCTU.

Regueira, A

Lugar da parroquia de Facha

A *Regueira* (/areˈɣejɾa/ ou /areˈhejɾa/) vén do substantivo *rego* (véxase *Rego do Santo, O*) a través do sufixo *-eira* (< latín -ĀRĪA). Este topónimo alude á presenza no lugar dun regato pouco abondoso e de escasa profundidade.

Cítase *Rigueira* no CME (1750-1754) e *Regueira* no DGEHE (1845-1850).

Os nomes de lugar (*A Regueira* e *O Regueiro*) dan nome a máis de 130 entidades de poboación espalladas polo territorio galego (NG) e na microtoponimia de Antas encontramos *O Caño da Rigueira*, unha fonte situada na parroquia de Alvidrón. Asemade, 12 veciños do concello teñen o apelido *Regueira* (CAG).

Rial, O (Santo André)

Parroquia do concello

Rial, O

Lugar da parroquia do Rial

O Rial remite ao latín RĪVĀLIS ‘ao lado do río’ (Bascuas 2002:155) e relaciónase cun pequeno curso de auga que corre polo lugar e pola parroquia.

Menciónase (*O*) *Rial* nos séculos XVIII (CME) e XIX (DGEHE).

Rexístranse máis de 50 aldeas que conteñen a forma *Rial* (NG).

Ribadulla, A

Lugar da parroquia de Dorra

A Ribadulla é un topónimo composto por RĪPA ‘ribeira’ (DCECH) e *WULIA ‘Ulla’ (véxase *Antas de Ulla*) e fai referencia ás condicións orotopográficas en que se encontra o lugar.

No CME (1750-1754) cítase *Rivadulla*.

O NG aglutina outros 2 lugares *Ribadulla* (A Estrada e Pantón).

Ribó

Lugar da parroquia de Amoexa

Ribó agocha un RĪVUS BONUS ‘río bo’ (DCECH). O medieval *Riuus bonus* mantense con redución de *Riuus* a *Ri-* ou *Re-* (*Ribó*, *Rebón*), en *Rei-* (*Reibón*, *Reibó*, *Reiboo*) e no feminino *Ría-* (*Riboa*, *Duarría*) (Bascuas 2002:157).

No DGEHE (1845-1850) cítase *Riobó*.

Rexístrase outro *Ribó* en Taboadela (NG).

Río

Lugar da parroquia de Areas

O topónimo *Río* remite ao substantivo homónimo, que designa un “curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, nun lago ou noutro río” (DRAG). Esta deriva do latín RĪVUS, latín vulgar RIUS ‘*regueiro*’, ‘*canle*’, e conservouse en practicamente todas as linguas romances (DCECH). O noso *Río* caracterízase pola presenza dun regato extraordinariamente grande para a súa extensión chamado Fadal.

Testemuñamos *Río* no 1407 (TMILG) e no século XIX (DGEHE).

O hidrotopónimo forma parte de máis de 250 topónimos rexistrados no NG.

San Fiz

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

San Fiz de Amarante (San Fiz)

Parroquia do concello

San Fiz é unha evolución regular do sintagma latino SANCTU FELICE (> **San Feíz* > **San Fiíz* > *San Fiz*). Estamos, pois, perante un haxiotopónimo fundado no adxectivo latino *felix* ‘fértil, fructífero, fecundo’, despois ‘favorito dos deuses’ e aí ‘contento’ (AMG 210; LC 272). Houbo, cando menos, dous santos así denominados recoñecidos polo santoral hispánico primitivo: un africano cuxo culto se celebra o 27 de xullo (Fiz de Nola) e outro de Xirona honrado o 1 de agosto Piel (1949-1950:315). O topónimo seoanense vincúlase co primeiro. Para o segundo compoñente véxase *Amarante*.

O DGEHE (1845-1850: 39) cita a parroquia de *Amarante (San Pedro Félix de)*.

San Fiz nomea 27 localidades galegas e *Amarante* consta tamén como parroquia e lugar no concello de Maside (NG).

San Mamede da Agüela

Lugar da parroquia da Agüela

Nome de santo que vén de MAMETEM, acusativo do nome latino *Mammes*, con probable orixe en termos da linguaxe infantil, como *mamma*, de onde proceden tamén outros cognomes romanos (*Mammeus*, *Mammeanus*, *Mammatus* etc.) (Piel 1949-1950:346). San

Mamede foi un mártir da Capadocia do tempo de Aureliano e o seu culto espallouse na Galia e na Península Ibérica (Piel 1949-1950:346). Para a segunda parte deste composto véxase *A Agüela*.

Encontramos rexistros do lugar no ano 1329 citado como *Samamede da Agoella* (TMILG) e no 1348 como *San Mamede d'Agoella* (TMILG). No século XIX (DGEHE s.v. *San Mamed de Aguela*) cítase *Mamed (San)*.

Existen 27 aldeas que posúen este nome de santo e o hidrotopónimo que o modifica dáse en 4 lugares galegos (dous do noso concello) (NG).

San Martiño de Amarante (San Martiño)

Parroquia do concello

O presente haxiotopónimo ten a súa orixe no sintagma SANCTU MARTINU. Para máis información sobre o cognome *Martinus* véxase a entrada *Martín* e para o segundo elemento consúltase *Amarante*.

Cítase *San Martín de Amarante* no 1750-1754 (CME) e no 1845-1850 (DGEHE).

San Martiño nomea 86 aldeas e en Agolada encóntrase o lugar da *Martiña* (NG).

San Martiño de Vilapoupre

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Véxanse as entradas *San Martiño de Amarante* e *Vilapoupre*.

Menciónase *San Martinno de Uila Poupe* en 1269 (TMILG), *Sancti Martini de Villapaupre* en 1289 (CODOLGA), *San Martino de Uilla Paupere* en 1321 (TMILG), *San Martín de Villaproupe* en 1750-1754 (CME) e *Martín (San)* en 1845-1850 (DGEHE)

San Martiño do Carrasco

Lugar da parroquia de San Martiño de Amarante

Para a primeira parte deste nome de lugar véxase *San Martiño de Amarante*. O segundo constituínte, *Carrasco*, remite ao substantivo *carrasco* que, xunto con *carrasca*, designa en galego diferentes especies de plantas ericáceas (Navaza 2010:171). Do punto etimolóxico, mentres que Sarmiento (1986:1043) propón o latín *carex*, *-ícis*, Rivas Quintas (1994:49) e Corominas (DCECH s.v. *carrasca*) vincúlano á raíz preindoeuropea **car-* ou **k-r* “rocha, cousa de constitución dura, planta de monte, áspera e dura”.

Consideramos máis acaídas as propostas dos dous últimos autores, pois o lugar caracterízase por ser unha zona rochosa situada na saia do Monte Farelo.

Advírtese *San Martiño* no século XIX (DGEHE s.v. *San Martiño de Amarante*).

A forma *Carrasco* figura tamén no topónimo *As Chans do Carrasco* (Tui) (NG).

San Tomé

Lugar da parroquia de San Martiño de Amarante

Nome de santo en que figura o antropónimo *Tomé*, variante de *Tomás* que vén probablemente dun antigo xenitivo. Esta procede do latín eclesiástico THOMAS, derivada á súa vez do grego θωμᾶς, transliteración do arameo *t'ômâ* ‘xemelgo’ (Tagliavini 1972:437). Alude ao apóstolo Tomé, invocado o 21 de decembro (Piel 1949-1950:311).

Cítase *Santo Tome* en 1280 (TMLG) e *Santomé* en 1845-1850 (DGEHE).

O NG rexistra 17 lugares que conteñen o sintagma *San Tomé*.

San Xurxo

Lugar da parroquia de Terra Chá

En *San Xurxo* encontramos o sintagma latino SACTUS GEORGIUS (Piel 1949-1950:342) derivado de *Georgós* ‘labrego, agricultor’, ‘o amante dos campos’ por medio do latín tardío *Georgius* (Piel 1984:9; AMG 238). Fai alusión a *San Xurxo da Capadocia*, santo patrón dos exércitos bizantinos. Os habitantes de *San Xurxo* confirmaron que a maneira de se referir ao lugar é *San Xorxe* (/san'ʃɔɾʃɛ/), unha evidente importación léxica adaptada do castelán *San Jorge*.

O primeiro testemuño do lugar localízase no CME (1750-1754) baixo as formas *San Jorje/Jorxe de Terra Cha*. No DGEHE (1845-1850) figura como *Jorge (San)*.

Na actualidade hai 12 lugares galegos así nomeados (NG).

Santa Cristina

Lugar da parroquia de Areas

Haxiotopónimo composto polo nome persoal feminino *Cristina*, derivado de *Cristo* e este do grego *Christós* ‘unxido’ polo latín *Christus* traducido do hebreo *māxiāh* ‘mesias’

(DOELP). Trátase de santa Cristina de Tiro, unha virxe mártir vítima da persecución de Diocleciano (Piel 1949-1950:336).

Cítase *sancte Christine* en 1245 (CODOLGA) e *Santa Xptina/Chrisptina/Christina de Areas* en 1750-1754 (CME).

O NG acolle 10 haxiótopónimos *Santa Cristina*.

Santa Mariña

Lugar da parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante

Santa Mariña do Castro de Amarante (Santa Mariña)

Parroquia do concello

Santa Mariña é unha das advocacións máis frecuentes dos topónimos galegos. Porén, como haxiotopónimo só se rexistra en dous concellos: no de Antas de Ulla e no do Barco de Valdeorras. Remite a santa Mariña de Antioquia (Piel 1949-1950:347) e son, xeralmente, dúas as hipóteses que tentan dar sentido á súa etimoloxía: pode considerarse non o feminino de *Mariño*, senón unha variante hipocorística de *María* co sufixo diminutivo *-iña* (Floriano 1950:279) ou un derivado do adxectivo *marina* ‘mariña’, ‘que vén de ou que vive no mar’ do latín MAR ‘mar’ (DCECH). Para os demais elementos deste composto consúltense as entradas *Castro* e *Amarante*.

O testemuño máis antigo do haxiotopónimo é do ano 1075: *Sancta Marina* (CPR). No CME (1750-1754) cítase a parroquia baixo as denominacións *Santa Marina do Castro* e *Santa Mariña del Castro* e no DGEHE (1845-1850) constan a freguesía de *Castro de Amarante (Sta. Marina del)* e o lugar de *Santa Marina*.

O NG rexistra 40 lugares *Santa Mariña* e compostos.

Santiso (Santalla)

Parroquia do concello

Santiso

Lugar da parroquia de Santiso

A forma *Santiso* é unha evolución patrimonial que coñeceu o sintagma SANCTUS THYRSUS, derivado do grego θυρσος ‘tirso’, isto é, o bastón simbólico de Dionisio e remite a san Tirso de Apolonia (Piel 1949-1950:352). A confluencia do haxiotopónimo

mais a súa advocación, *Santalla*, fai que Ares Vázquez (2009:116) considere a posible existencia no pasado de dúas igrexas. Isto é moi pouco probable debido á mínima extensión do territorio, que hoxe non ten igrexa e os veciños acoden á de Vilanuñe.

Cítase *sancto Tyssso* en 1122 e *sancto Tyrso* en 1172 (CODOLGA). O lugar e a parroquia constan tamén no CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850).

O NG aglutina 6 parroquias e 12 lugares que conteñen este nome de santo. Ademais, segundo a CAG, o apelido *Santiso* posúe 1839 ocorrencias que se focalizan, fundamentalmente, no centro de Galicia (en Antas hai 29 portadores).

Santo Estevo do Castro de Amarante (Santo Estevo)

Parroquia do concello

Santo Estevo é o resultado galego do latín SANCTU STEPHĀNU (> **Santo Estévano* > *Santo Estévã* > *Santo Estevoo* > *Santo Estevo*). Provéen do grego *Stéphanos*, do substantivo *stéphanos* ‘coroa’ (Piel 1947b:471). É, por tanto, un topónimo que deriva directamente dunha advocación relixiosa. Foi o primeiro mártir cristián e a descuberta das súas reliquias no ano 415 fixo que o seu culto se espallara de xeito extraordinario (Piel 1949-1950: 309-310). Para *Castro* e *Amarante* consúltense as entradas correspondentes.

Atestamos *Sancti Stephani de Amarante* en 1263 (CODOLGA), *Santo Estevoo do Castro* en 1438 (TMILG), *San Hestewan/Hesteban del Castro* en 1750-1754 (CME) e *San Estéban del Castro* en 1845-1850 (DGEHE).

En Galicia hai 24 lugares así nomeados e só unha parroquia, a de Antas (NG).

Seixo, O

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

Seixo (/ˈsejʃo/) é un substantivo común que procede do latín SAXU ‘pedra grande, rocha’ (DELL) e designa unha “pedra dura de pequeno tamaño, que a erosión tornou lisa e arredondada” (DRAG) ou un “tipo de rocha xeralmente branca e moi dura” (DRAG). Nos usos toponímicos, esta denominación vincúlase con lugares nos que prolifera este tipo de rocha e puidemos verificar que moitas das casas desta aldea foron construídas con pedras do Monte Farelo.

Atestamos o topónimo no ano 1845-1850 (DGEHE) como *Casa-do-Seijo*.

O NG rexistra 83 lugares así denominados, incluíndo derivados e compostos.

Senande (San Miguel)

Parroquia do concello

Senande

Lugar da parroquia de Senande

Senande provén do antropónimo bitemático *Sisenandus*, composto polos temas góticos **sis-* ‘bebedizo, maxia, canto fúnebre’ e **nanþ-* ‘audacia’ (HGN 244/16).

Rexístrase *Sesnande* en 1269, 1285 e 1391 (TMILG) e *Senande* en 1269 (TMILG), 1750-1754 (CME) e 1845-1850 (DGEHE).

O NG recolle 7 núcleos habitados así nomeados.

Sendelle

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Sendelle procede do nome xermánico **Send-ellus*(?) e componse do gótico **sinþs* ‘camiño’ e o sufixo *-ellus* (HGN 241/20). Así, o topónimo considérase un híbrido simple por presentar un tema xermánico e un sufixo latino (Moralejo Lasso 1977:40).

O único testemuño do lugar que rexistramos data do 1201 (CODOLGA): *Sendelli*.

A formación *Sendelle* só consta no concello de Antas (NG), pero, como vimos noutros topónimos deste estudo, o tema **sinþs* foi moi produtivo.

Sendín

Lugar da parroquia de Olveda

O lugar de *Sendín* pertence á parroquia de Olveda do concello de Antas de Ulla, pero administrativamente vincúlase ao de Monterroso. Polo que se refire á súa orixe, procede do xenitivo do nome persoal gótico *Sindinus/Sendinus*, integrado polo tema **sinþs* ‘camiño’ e o sufixo *-inus* (HGN 241/24). É, pois, un híbrido simple formado por un tema xermánico mais un sufixo latino-xermánico (Moralejo Lasso 1977:40).

En 1063 (CODOLGA) cítase *Sendin* e en 1163 (CODOLGA) *Sindini*. No DGEHE (1845-1850) consta o lugar de *Sendín*.

O NG rexistra 7 lugares *Sendín*.

Seoane

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Seoane (/so'anɛ/) vén da unión do sintagma SANCTU IOHANNE, que fai referencia a san Xoán Bautista. O antropónimo bíblico latinizado como *Iohannes* ‘Deus (é) misericordioso’ deriva, por medio do grego *Ioanes*, do hebreo *Yohanan*, composto de *Yoh* ou *Yah*, abreviatura de *Yaveh* ‘Deus’ e *hanan* ‘misericordia’ (Ferro Ruibal 1992 s.v. *Xoán*). Para máis información sobre o topónimo véxase a entrada *Antas de Ulla*.

En Galicia rexístranse 53 topónimos nomeados *Seoane* (NG) e en Antas hai 10 persoas que portan o apelido *Seoane* (CAG).

Somoza, A

Lugar da parroquia de Areas

Rexistramos dúas hipóteses que interpretan este topónimo. Por unha banda, *A Somoza* (/aso'moθa/) pode remitir ao étimo SUBMONTIA, composto pola preposición *so* ‘debaixo de’ (< latín SUB) (DCECH) e polo substantivo *monte* (< latín MONTE) (DCECH), de maneira que aluda a un lugar situado nun punto inferior dunha elevación importante do terreo. Neste sentido, esta localidade encóntrase xusto embaixo do Monte Farelo e a zona das súas primeiras costas coñécese popularmente como O Monte da Somoza. Por outra banda, é posible que proceda do adxectivo latino *summus*, *a*, *um*, que deu lugar en galego á voz *soma* “parte máis alta que queda entre dous regos” (DRAG) á que se lle engade o sufixo diminutivo *-ucea* que evolucionou regularmente a *-oza* (Piel 1986:101). Resulta interesante repararmos na proximidade lingüística e xeográfica entre *A Somoza* e o antigo *Monte Sumio* (tamén *Monte Summo* ou *Summeo*, TMILG, CODOLGA), actual *Monte Farelo*. En calquera caso, encontrámonos perante un orotopónimo latino.

Cítase *Sumoza* en 1245 (CODOLGA), *A Somoza* en 1750-1754 (CME) e *Somoza* en 1845-1850 (DGEHE).

En Galicia hai 11 lugares (*A Somoza* (NG) e o apelido *Somoza* é portado por seis veciños do concello (CAG).

Suar

Lugar da parroquia de Casa de Naia

É moi probable que o topónimo *Suar* forme parte dos descendentes do antropónimo *Suarius*, un dos 15 nomes masculinos máis frecuentes en Galicia nos séculos X-XII (AMG 421). Daquela, pode remitir a unha (VILLA) SUARI(I) (Piel 1982:128). Pola contra, Bascuas (2002:26) formula a posibilidade de que se trate dun hidrotopónimo polo inicio en *Su-*, pero debido á falta de connotacións hidronímicas claras, non é posible facer afirmacións rotundas. Ademais, é un topónimo cunha etimoloxía polémica: Silveira (1935:223) derívao do latín *sus* ‘porco’ como *nomen humilitatis* similar a *Porcarius*; Floriano (1950:176) do mesopotámico *Assur* e Veiga Arias (1989:18) relaciónao con *suere* ‘coser’. Así, na nosa clasificación constará como un antropotopónimo de orixe incerta.

Atestamos *Suar* en 1293, 1348 e 1393 (TMILG), 1750-1754 (CME) e 1845-1850 (DGEHE).

O NG rexistra outro lugar *Suar* (Paradela).

Sucasas

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Sucasas lévanos ao sintagma latino SUB CASAS (DCECH) e alude a un conxunto de casas situadas en sitio baixo. Na actualidade, esta aldea está totalmente integrada co resto de entidades de poboación ata o punto de ser descoñecida para unha boa parte dos habitantes do concello. Non obstante, nun pasado había unha clara distinción entre as casas do lugar de Antas e as de *Sucasas*, caracterizadas estas últimas por ser máis antigas, de maneira que actuaban coma unha sorte de divisoria.

Non se rexistra en Galicia ningún outro lugar así designado, pero a preposición *so* e o substantivo *casa* constan noutras aldeas.

Terra Chá (San Xurxo)

Parroquia do concello

Terra Chá é o nome que recibe a parroquia do concello que aglutina os lugares de Caldelas, O Cruceiro, Regadío e San Xurxo. Un elevado número de veciños de Antas ignora esta denominación e refírese ao territorio a través da súa advocación por medio dunha importación léxica do castelán adaptada fónica e graficamente ao galego: *San*

Xorxe. O grupo de palabras *Terra Chá* procede do latín TERRA PLANA (DCECH), descrición coincidente coa realidade.

Dise que Cornide situou na parroquia de Terra Chá a cidade de *Turruptiana*, citada en escritos de Ptolomeo (GGRG 357). Testemuñamos *San Jorxe de Terracha* no 1750-1754 (CME) e *Terracha* no 1845-1850 (DGEHE s.v. *Antas*).

A *Terra Chá* é unha comarca galega e o NG rexistra o lugar da *Terrachá* (Entrimo).

Timós

Lugar da parroquia do Rial

Topónimo *unicum* con etimoloxía controvertida. Sería posible, segundo Ares Vázquez (2009:116), postular baixo *Timós* unha (VILLA) TIMONIS, xa que *Timo*, *Timon*, *-onis* consta como nome persoal latino en documentos antigos. Porén, Bascuas (2005:88) sostén que se trata do plural do substantivo *timón* e pensa que nun documento do ano 1033 no que se cita *Tininos* («et inde uenit per *Tininos* Fanenti», CODOLGA) hai un erro paleográfico. Daquela, suxire unha forma xenuína **Timinos* ou **Timnos* co comprensible lapso de *-m-* por *-ni-*. En ambos os dous casos o resultado regular sería **Timios* ou **Tinos* e a forma actual explicaría-se por unha confusión con *timón*. Tamén defende que podería tratarse dunha evolución **Tinimos* > **Timos* > *Timós* baseada, de novo, nun engano do escriba. Convén termos en conta que *timón* é un substantivo común que alude a un “pau longo do arado, no extremo do cal vai suxeito o xugo” (DRAG), acepción que, dende logo, encaixa coa realidade do concello. Así pois, por non podermos elixir con certeza unha hipótese, clasificamos o topónimo como dubidoso en canto á súa motivación.

O único rexistro que recuperamos do topónimo é do século XIX (DGEHE).

O lugar reflicte na súa grafía as características dialectais do galego central (*-ós*).

Toande

Lugar de parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante

Toande (/to'andɛ/) pode dirixirnos ao antropónimo xermánico *Teodenandus* integrado polos elementos *þiuda* ‘pobo’ e **nanþ-* ‘audacia, ousadía’ (HGN 271/21) ou a un hidrónimo galaico co sufixo *-antia* emparentado cos lugares de *Toá* (Boimorto) e *Toar* (Friol e Guitiriz) (Moralejo Álvarez 2007:353). Neste caso, apoiámos a primeira hipótese, seguida tamén por Ares Vázquez (2009:109).

Toande forma parte do corpus do DGEHE (1845-1850).

O NG recolle outro lugar así denominado (Arzúa).

Velanxil

Lugar da parroquia de Peibás

A clave interpretativa deste topónimo único, pronunciado /blaŋ'ʃil/, encóntrase nas atestacións antigas: cítase en 1033 *Villa Onegilde* e en 1180 *uilla Engildi* (CODOLGA). Así, teríamos a evolución *Villa Onegildi* > *Villa Oengildi* (metátese) > *Villa Engildi* (monotongación) > *Villangildi* (crase) > *Vilangil* (apócope e asimilación) > *Velanxil*. Logo, é probable que *Velanxil* remita á vila (véxase *Fondevila*) de *Onegildus*, nome persoal xermánico formado por unha base **auna-* non moi segura e *-gildus*, desinencia tipicamente gótica de **-gelzan*, derivado de **geldan* ‘valer’ (HGN 203/1).

Cítase *Velenxil* e *Velanxil* en 1750-1754 (CME), *Villangil* no século XIX (DGEHE) e *Vilangil* en 1928 (GGRG).

O compoñente *Vila* (xunto con derivados e compostos) é moi frecuente (máis de 1500 resultados no NG) e non logramos atopar outros topónimos derivados do mesmo étimo xermánico.

Veloín

Lugar da parroquia de Arcos

Da mesma maneira que *Velanxil* procede dun *Vilaxil* anterior, é probable que o *unicum* *Veloín* sexa unha variante de *Viloín*, onde se aprecia a voz latina VILLA ‘vila’ (véxase *Fondevila*) unida á do seu posuidor en xenitivo, un nome xermánico integrado polo tema **aud-* ‘riqueza, posesión’ e o sufixo *-inus*: *Audinus* (HGN 31/21).

Non hai outra localidade así nomeada en Galicia, e, coma na entrada previa, non encontramos nomes de lugar que compartan xénese neste antropónimo gótico.

Verín

Lugar da parroquia de Peibás

Verín foi un antigo xenilicio que provén dunha (VILLA) VERINI, formada polo xenitivo do antropónimo latino *Verinius* (Piel 1947b:381) con base en *verus* ‘verdadeiro’ (DCECH).

Menciónase *Berim* en 1180 (CODOLGA) e *Verín* en 1845-1850 (DGEHE).

En Galicia existen outros 2 lugares *Verín* (Cangas e Verín) (NG).

Vila Pequena, A

Lugar da parroquia de Arcos

Neste topónimo o substantivo *vila* (< latín VILLA, véxase *Fondevila*) vese modificado polo adxectivo *pequeno*, voz de creación expresiva con probable orixe nunha forma tardolatina *PITTINNU (DCECH).

O NG recolle outros 3 lugares (A) *Vila Pequena* (Begonte, Friol e Montederramo).

Vilaboa

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Do latín VILLA BŌNA (DCECH) obtemos o topónimo de significado transparente *Vilaboa*. A súa motivación pode relacionarse cun valor propiciatorio e propagandístico da zona co obxectivo de atraer a poboación.

Rexístrase *Bila Boa* e *Uillaboa* en 1407 (TMILG) e *Vilaboa* en 1750-1754 (CME).

No territorio galego existen 29 lugares así nomeados (NG).

Vilane

Lugar da parroquia de Antas de Ulla

Poderíamos interpretar o topónimo *Vilane* como unha variante de *Vilán* cun *-e* paragóxico como propón Cabeza Quiles (2008:645-646), pero, de ser así, a pronuncia do topónimo sería /vi'laje/ e non /vi'lane/. Segundo Piel (1986:100), tanto *Vilán* como *Vilane* teñen a súa orixe no nome común latino VILLĀNUS, que remite ao substantivo galego *vilego*, “[persoa] que é natural ou habitante dunha vila” (DRAG), e de xeito secundario deu lugar ao antropónimo *Villānus*. O autor (1986:100) clarifica que a súa exposición carece aínda dun comentario morfolóxico que dea conta das desinencias *-ane/-án* de *Vilane/Vilán*. Porén, apunta que:

(...) estamos em presença do genitivo “de possessor” em -ĀNI, de uma (VILLA) VILLĀNĪ, desinencia que evoluiu, por um lado para *-ane*, na conservadora região de Lugo, e, fonologicamente mais mutilada, para *-an*, no ambiente de Pontevedra. Ambas essas modificações do latim -ĀNI concebem-se perfeitamente no plano linguístico-histórico.

Atestamos *Villahane* en 1285 (PSVD), *Bilane* en 1368 (TMILG) e *Bilaane* en 1390 e 1407 (TMILG). Constatamos tamén a presenza en 1750-1754 (CME) de *Vilane* e *Vilañe* e no século XIX (DGEHE) de *Vilane*.

O topónimo *Vilane* só se rexistra en Antas e *Vilán* en Camariñas e Fornelos de Montes (NG).

Vilanuñe (San Salvador)

Parroquia do concello

Vilanuñe

Lugar da parroquia de Vilanuñe

Recoñecemos en *Vilanuñe* o sintagma latino (VILLA) NUNNI, formado polo substantivo común VILLA ‘vila’ (véxase *Fondevila*) e polo xenitivo do antropónimo latino *Nunnus*. Este nome foi orixinariamente un termo da linguaxe infantil co significado de ‘pai’ e co tempo empregouse na regra de san Bieito como unha forma de tratamento por parte dos monxes máis novos cara ós máis vellos (“quod intelligitur paterna reverentia”) (Piel 1947b:337-338). *Nunnus* consolidouse como antropónimo e é un dos nomes persoais mellor representados na onomástica medieval galega (AMG 331) do que proveñen o galego e portugués *Nuno* e o castelán *Nuño*. A nosa forma *Vilanuñe* con /ɲ/ explícase por un proceso de palatalización da nasal polo -ī do xenitivo.

Cítase *Uila Nuni* en 1033, 1120, 1172 e 1180 (CODOLGA). No CME (1750-1754) e no DGEHE (1845-1850) rexístranse as variantes *Vilanuñe*, *Villanuñe*, *Vilanune*, *Villanune* e *Villa Nune*.

Existen outros topónimos derivados do mesmo antropónimo *Nunnus*: *Vilar de Nuño* (Abadín), *Vilanune* (Vilalba) e *Denune* (Begonte) (NG).

Vilapoupre (San Martiño)

Parroquia do concello

Vilapoupre

Lugar da parroquia de Vilapoupre

Vilapoupre fai referencia a unha VILLA PAUPĒRĪ ‘vila de Pobre’, pois *Pauper*, segundo Piel (1982:146), foi un antropónimo latino bastante común na Idade Media que se

correspondía co adxectivo *pauper* ‘pobre’. Este autor considera que *pobre* deriva dun vulgarismo latino **popper* con monotonguización de *-au-* que evolucionou a *-ou-* e non perdeu o carácter de ditongo. Así, *Vilapoupre* caracterizaríase por ser un elemento arcaico-conservador, en clara oposición con *pobre*. Kajanto (LC 287) encadra o topónimo nun grupo de cognomes que evocan pena (“cognomina evoking pity”) e Piel (1982:146) reconece en *Pauper* “um nome simbólico, de carácter cristião, inspirado nos pobres de espírito do Evangelho de que reza o Sermão da montanha (...)”

Cítase *Vila Poupe* en 1444 (TMILG) e *Villaproupe*, *Villaproupe* mais *Vilaproupe* nos séculos XVIII (CME) e XIX (DGEHE).

O topónimo *Vilapoupre* non consta noutro territorio, pero no concello de Ames existe o lugar de *Proupín*, ligado tamén co adxectivo *pauper* (NG).

Vilariño

Lugar da parroquia de Santa Mariña do Castro de Amarante

Observamos aquí un derivado diminutivo do substantivo *vilar* por medio do sufixo *-iño* (< latín *-īnu*): *VĪLLĀRĪNUS*. A etimoloxía de *vilar* remite á forma tardolatina *VĪLLĀRE*, do latín *vīlla* ‘vila’ (DCECH). Desde o punto de vista toponímico, *Vilariño* designa en Antas un “conxunto de casas que forman (...) un grupo separado dentro da aldea” (DRAG).

En Galicia, a forma *Vilariño* figura en máis de 100 localidades (NG) e como apelido conta con 5793 ocorrencias, 23 en Antas (CAG).

Vilasante de Abaixo

Lugar da parroquia de Facha

Vilasante de Arriba

Lugar da parroquia de Facha

Vilasante de Abaixo (/bila'santẽða'βajfõ/) e *Vilasante de Arriba* (/bila'santẽða'riβã/) conforman dous topónimos da parroquia de Facha que se encontran en correlación: un sitúase na parte máis elevada da freguesía e outro na máis baixa. En ambos os dous recoñecemos como primeiro elemento o sintagma latino *VILLA SANCTI*, que podemos remontar con seguridade ao xenitivo *Sanctius* do antropónimo latino *Sanctus*, nome que primitivamente non tiña o significado de ‘santo’, senón o de ‘virtuoso, honesto, inocente’ (Piel 1947b:363). Actualmente, *Sanctius* sobrevive no nome *Sancho* e no apelido

Sánchez. Na primeira entrada, *Vilasante* vén modificado polo adverbio *abaixo*, procedente da aglutinación da preposición latina AD ‘a’ (DCECH) co adxectivo BASSUS ‘baixo’ (DCECH s.v. *bajar*). Para os compoñentes restantes consúltense as entradas *Fondevila* e *Aldea de Arriba, A*.

Cítase *Vilasante* no século XIX (DGEHE).

Nin *Vilasante de Arriba* nin *Vilasante de Abaixo* se repiten en ningún outro territorio galego. Porén, convén relacionalos con *Sante*, derivado do mesmo étimo latino que designa 27 entidades de poboación (NG).

Vilasión

Lugar da parroquia de San Fiz de Amarante

En *Vilasión* sobrevive unha VILLA SILONI constituída por un home de nome *Silo*, cuxa orixe se vincula co gótico *sels* ‘bondadoso, afectuoso’, ‘apto, capaz’ (HGN 238).

En 1244 (CDO) rexístrase *Villa Syion* e en 1422 (TMILG) *bila Syon*. Cítase *Villa Sion*, *Villasión* e *Vilasión* en 1750-1754 (CME) e *Vila-sión* en 1845-1850 (DGEHE).

Este topónimo non se volve repetir na toponimia maior galega, pero existen outros núcleos de poboación nos que figuran a voz *vila* (*Vila de Suso*, *Vilanova*, *Cimadevila* etc) e o antropónimo *Silo* (*Donsión*, *Sión* e *Seón*) (NG).

4 CONCLUSIÓNS

A aproximación que se realiza neste traballo baséase na identificación dos campos semánticos e dos estratos etimolóxicos do corpus actual da toponimia maior de Antas de Ulla, composta por 163 ítems. Neste sentido, preséntanse aquí as conclusións ás que se chegaron a partir da previa exposición e análise dos topónimos.

A clasificación semántica da toponimia é inherente ao estudo dos nomes de lugar. Así pois, o primeiro grande criterio aglutinador que empregamos para distinguir entre dous grupos de topónimos vén marcado pola tipoloxía lingüística dos elementos en que se cimenta cada ítem do noso corpus (anexo II). Desta maneira, é posible diferenciar entre aqueles que se basean no repertorio léxico da lingua en calquera estadio evolutivo (topónimos delexicais) e aqueles fundados a partir de elementos onomásticos preexistentes (topónimos deonomásticos).

A meirande parte dos nomes de lugar deste estudo (98/163) teñen a súa orixe en compoñentes do léxico común máis ou menos recoñecibles. Constatamos a enorme influencia que a toponimia exerce na vida cotiá, xa que algo máis do 60% dos topónimos aluden a elementos propios dun concello interior como o de Antas de Ulla (ríos, árbores, animais, actividades agrícolas etc.). O 35,58% do corpus toponímico estudado (58/163) deriva de ítems onomásticos preexistentes. Para cinco topónimos, *Dorra*₂, *Facha*₂ e *Timós* encontramos varias hipóteses motivacionais, mais non chegamos a un resultado concluínte acerca da súa natureza deonomástica ou delexical, polo que foron encadrados como toponimia dubidosa (3,07%). Finalmente, a ausencia de bibliografía sobre o elemento *Mancegar*₂ por ser un *unicum* na toponimia galega fai que se manteña, polo de agora, como un topónimo escuro (1,23%).




Gráfico 2. Tipoloxía lingüística dos elementos nos que se basean os topónimos de Antas de Ulla

Se ben na toponimia deonomástica é posible levar a cabo, como veremos, unha división relativamente doada, na toponimia delexical, por ser esta moito máis cuantiosa, batemos con varias dificultades. O padrón recorrente neste eido consiste en prestar atención aos trazos semánticos que caracterizan a cada un dos lexemas, de maneira que sexa posible o artellamento dun conxunto de campos toposemánticos.

Un obstáculo metodolóxico co que tivemos que lidar ten que ver coa clasificación dos topónimos complexos, abondosos en todo o territorio galego. Nestes poden participar constituíntes lexicais propios de eidos semánticos diferentes (e.g. en *Pena Lagarteira* reparamos na presenza dun núcleo nominal oronímico [*Pena*] determinado por un zoónimo [*Lagarteira*]). Nesta análise optamos por darlle preferencia ao contido semántico do núcleo nominal, pois é a peza constitutivo do topónimo. Ora ben, cando é un antropónimo o que participa como modificador do núcleo nominal (e sobre todo cando este nome persoal, pola súa antigüidade, está completamente adherido ao núcleo nominal que acompaña) a selección é clara: antropotopónimo.

Dentro desas dúas grandes categorías semánticas que vimos de ver, podemos establecer novas subdivisiones. Así, para a clasificación semántica da toponimia delexical do concello, na que se encadran 98 ítems de 163, tivéronse en conta as seguintes subáreas semánticas: hábitat humano, hidrotponimia, orotponimia, fitotponimia, actividades agrícolas ou gandeiras (ou agrotopónimos), vías de comunicación (ou odotopónimos) e zootponimia.

Encontramos na toponimia de Antas un modelo semellante ao establecido por Boullón Agrelo (2019:297-299) sobre a toponimia maior galega. O campo semántico que maior número de ítems alberga (30/98) é o referido ao hábitat humano (30,61%). Nel descubrimos todo tipo de construcións humanas (*Arcos*, *Cas[forno]*, *O Pazo*, *Os Píos*, *Paredes*), dependencias ou construcións anexas con funcións relixiosas (*A Eirexe*, *A Ermida*, *O Cruceiro*), monumentos megalíticos (*Antas [de Ulla]*), agrupamentos de poboación (*A Aldea [de Arriba]*, *A Vila [Pequena]*, *Sucasas*, *Vilaboa*), actividades profesionais (*Frádegas*) e administrativas ou de xurisdición (*A Escrita*).

A hidrotponimia, dominio que recolle os nomes de lugar relacionados con topónimos baseados en hidrónimos (substantivos que posúen como sema definitorio ‘auga’), representa un 25,51% da toponimia delexical de Antas (25/98). No concello, a auga ten unha importancia capital, feito que se reflicte nos nomes das diferentes

localidades e no propio topónimo municipal. É de interese remarcamos que neste ámbito semántico é onde máis se conserva o elemento prerromano na toponimia galega (Boullón Agrelo 2019:299). Dos 25 hidrotopónimos que posúe o concello de Antas, 14 son latinos (56%) e 11 prerromanos (44%). Os lexemas romances fórmanse a partir de *auga* (*A Agüela, As Augas de Frádegas*), *río* (*O Rial, Ribó, Rio*), *caldelas* (*Caldelas*), *pozo* (*Puzos*), *fonte* (*Fondevila, Fonfria, Fontelo*), *lodo* (*Ludeiro*) e *regar* (*Regadío*).

A orotoponimia (18,37%) abrangue 18 topónimos (de 98) cimentados en lexemas que teñen un significado relacionado coa configuración morfolóxica do terreo. Discernimos neste eido entre formas do relevo como depresións, alturas, partes dos accidentes xeográficos, exposición e orientación (*A Costa, A Pedrouza, Montecelos, O Coto, Outeiro, Pena, Ribadulla*) e o tipo, calidade ou aspecto do terreo (*Areas*).

Os fitotopónimos significan un 14,29% da toponimia delexical (14/98). Neste dominio encontramos toda clase de árbores froiteiras, plantas cultivables ou silvestres, terreos cubertos de diversas vexetacións etc. Algúns exemplos fitotoponímicos do concello son *Casteda, Feás, O Carballo, Olveda e Reboredo*.

Vencellado ao eido do hábitat humano encóntrase o dedicado ás actividades agrícolas ou gandeiras, que engloba os denominados agrotopónimos e supón un 5,1% no noso concello. Neste campo encádranse os ítems *Campo, Campo das Antas, O Campo do Chao, Medeiro e Quintela* (5/98).

Na toponimia maior de Antas de Ulla só 3 de 98 topónimos (3,06%) son referentes a vías de comunicación que unen espazos entre si ou transcorren por entidades de poboación: *A Carreira, Os Carreiros e Portocarreiro*. A maioría dos odotopónimos encontran a súa orixe no latín, o que indica que a construción das infraestruturas que permitían desprazarse ten lugar moi probablemente despois da chegada dos romanos (Boullón Agrelo 2019:297-298). Porén, un dos termos máis difundidos é *carro*, considerado un préstamo céltico no propio latín. Daquela, todos os odotopónimos seoanenses son orixinariamente célticos (aínda que *Portocarreiro* é un topónimo composto por un elemento latino [*porto*] e outro prelatino [*carreiro*]).

En contraste cos anteriores dominios, o mundo animal adoita estar moito menos representado na toponimia galega. En Antas só contamos co zootopónimo *A Coelleira* (1,02%), adscrito ao grupo dos cuadrúpedes, o máis numeroso de Galicia.

Finalmente, temos que considerar como dubidosos os topónimos *Caira* e *Queixeiro*, que remiten ao léxico común, mais non fomos capaces, polo de agora, de adscribilos a un dos campos toposemánticos previos por presentaren varias motivacións plausibles. Este grupo supón o 2,04% da toponimia delexical do concello.




Gráfico 3. Clasificación semántica da toponimia delexical de Antas de Ulla

No caso da toponimia deonomástica, representada por 58 ítems, en función do tipo onomástico concreto en que se basean os nomes de lugar podemos falar de antroponimia ou haxiotoponimia. O grupo claramente máis numeroso é o primeiro, que alude aos nomes de lugar compostos por un nome de persoa, normalmente o posesor da vila. Este subconxunto aglutina 43 (de 58) topónimos que supoñen o 74,14% do total: *Alvidrón*, *Suar* etc. A maior parte dos topónimos procedentes de nomes persoais presentan unha formación específica en xenitivo e adoitan ter unhas terminacións comúns aplicables tanto a nomes xermánicos como latinos e, incluso, prerromanos (Boullón Agrelo 2019:301). Os haxiotopónimos defínense tamén como topónimos formados a partir dun antropónimo, pero, neste caso, o nome persoal remite a un santo ou santa: *San Mamede*, *Santiso* etc. Estes configuran o 25,86% da toponimia deonomástica (15/58).




Gráfico 4. Clasificación tipolóxica da toponimia deonomástica de Antas de Ulla

Con todo, se fixeramos unha clasificación semántica do corpus toponímico completo (163 ítems)² os resultados serían similares aos xa expostos, mais neste gráfico vemos con claridade que o campo predominante na toponimia maior de Antas é, sen dúbida, o da antroponimia, cun 26,38% do total, que equivale a 43 ítems de 163.




Gráfico 5. Clasificación semántica da toponimia maior de Antas de Ulla

Unha vez rematados os aspectos semánticos, é momento de deternos na clasificación glotolóxica dos topónimos. O noso proceder baseouse tamén neste apartado en seguir as categorías máis frecuentes empregadas por estudosos da toponimia galega. Distinguimos, por tanto, entre topónimos prelatinos, latinos, xermánicos, arábigos e outros. Con todo, o feito de que cada topónimo estea encadrado nalgunha desas áreas, non significa necesariamente que as súas xéneses se sitúen en tales períodos históricos, senón que puideron ser habilitados como nomes de lugar en calquera altura cronolóxica.

Así como para a clasificación semántica dos sintagmas toponímicos adoptamos un criterio uniformizador baseado só no primeiro elemento, para a súa filiación lingüística vímonos obrigados, por unha cuestión de rigor, a facelo de maneira diverxente e seleccionar todos os constituíntes. Se só escollésemos unha parte dun topónimo composto, estaríamos, en certa maneira, ignorando unha realidade lingüística do concello (e.g., se clasificamos o ítem *O Campo das Antas* só polo primeiro termo, latino, marxinaríamos un elemento prerromano que integra igualmente o mapa glotolóxico de Antas de Ulla). Como consecuencia, o corpus de topónimos para esta clasificación

² Incluímos aquí a toponimia deonomástica aínda que somos conscientes de que esta non ten contido semántico.

etimolóxica ascende dos 163 ítems aos 215 (*vid.* anexo III). É preciso aclararmos que as formas soldadas compostas por dous termos (*Vilaboa, Casforno, Vilapoupre* e similares) foron consideradas tamén independentemente.

Os resultados neste estudo non sorprenden e son equiparables ao que Boullón Agrelo (2019:189) establece sobre os compoñentes etimolóxicos da toponimia galega: o estrato lingüístico que maior número de topónimos reúne é o latino, seguido do prelatino e do xermánico, que posúen unha relevancia estatística importante, mentres que o árabe é practicamente insignificante.

Ao compoñente latino adscribíense 152 topónimos (de 215), un 70,70% do noso corpus. Contabilizamos tamén como latinos aqueles ítems de orixe propiamente grega (*Amarante, Eirexe, Santiso* etc.), hebrea (*Seoane*) e aramea (*San Tomé*) que se difundiron a través do latín. Este estrato engloba a meirande parte da toponimia delexical (a oronimia, a fitonimia, a zoonimia, a hidronimia, a agronimia e a pegada humana nel): *A Coelleira, A Eirexe, Árbol, Castro, O Cruceiro, Puzos* e outros. Así, un 73,47% da toponimia delexical (72 ítems de 98) é de etimoloxía latina. Tamén se ve reflectido neste estrato boa parte da nosa toponimia deonomástica, conformada por 58 elementos dos que 37 (63,79%) son latinos. Isto pode observarse na seguinte gráfica:




Gráfico 6. Porcentaxe do elemento latino nas grandes áreas da toponimia de Antas de Ulla

Cuantitativamente, o elemento que sucede ao latino é o prelatino, que acolle 35 ítems de 215 (16,28%). Foron considerados igualmente prelatinos os topónimos procedentes do céltico como *A Carreira* ou *A Laxe* e do (pre)indoeuropeo como *Amoexa* ou *Carrasco*. Neste estrato, como vimos, dáse un predominio do campo semántico da hidronimia (case a metade dos hidrotopónimos do concello son prelatinos: *Cervela, O Corgo, Regueira* etc.). Enmárcase aquí, asemade, un pequeno grupo de ítems

caracterizados por unha base de orixe prelatina mais unha adxunción de material morfolóxico latino (*Cervela, Ourás, Penela e Regueira*) que reflicten a frecuencia coa que certos elementos propios dunha camada lingüística se manifestaron en estratos posteriores conservando a súa produtividade. Porén, cómpre destacar a inexistente pegada prerromana na toponimia deonomástica, como se reflicte a seguir:




Gráfico 7. Porcentaxe do elemento prelatino nas grandes áreas da toponimia de Antas de Ulla

O elemento xermánico conta con 17 ocorrencias do total (215) que simbolizan o 7,91%. Polo xeral, os topónimos pertencentes a este estrato están representados polos *nomes de possessores*, un tipo moi específico de formación: os nomes propios en xenitivo, creacións toponímicas de tipo románico que conteñen antropónimos de etimoloxía xermánica (Boullón Agrelo 2019:300) (*Velanxil, Veloín, Vilasión* etc). Constatamos que o 100% dos ítems xermánicos que conforman este estudo pertencen á toponimia deonomástica e, concretamente, ao campo dos antropotopónimos (de 43 antropotopónimos, 17 son xermánicos, o 39,53%³).




Gráfico 8. Porcentaxe do elemento xermánico nas grandes áreas da toponimia de Antas de Ulla

³ Este dato contrasta coa proporción de antropotopónimos xermánicos no conxunto do territorio galego, o grupo máis numeroso cun 55%, mentres que os de orixe latina representan o 39% (fronte o 51,16% do noso estudo) (Boullón Agrelo 2017:36).

Os nomes de orixe árabe déronse fundamentalmente nas provincias do sur, Ourense e Pontevedra, e son moi pouco abundantes en todo o territorio galego (non chegan ao 1% do total) (Boullón Agrelo 2019:312). En Antas de Ulla, de 215 ítems, contamos cun único topónimo árabe: *A Aldea [de Arriba]*, que achega un 0,47% do cómputo global etimolóxico. Daquela, a pegada árabe no concello faise patente só na toponimia delexical e moi escasamente (1,02%):




Gráfico 9. Porcentaxe do elemento árabe nas grandes áreas da toponimia de Antas de Ulla

Baixo a etiqueta ‘outros’ encóntrase por partida dobre o topónimo *Casa de Naia* (2/215), cuxo segundo termo é un préstamo do vasco e supón un 0,93% do total.

Consideramos dubidosos seis topónimos (de 215) (2,79%) para os que topamos diferentes orixes e non foi posible a escolla dunha delas (*A Chapeleira, A Parrocha, Caira, Casil[moure], Queixeiro* e *Suar*). Finalmente, para o ítem *Mancegar*, presente en dúas parroquias do concello (2/215), non encontramos ningunha referencia que nos encamiñase no establecemento da súa motivación semántica e filiación lingüística, polo que é o único topónimo escuro que conforma este estudo (0,93%).




Gráfico 10. Porcentaxes dos compoñentes etimolóxicos na toponimia de Antas de Ulla

Non debemos esquecer que, malia non contarmos con rexistros antigos de todos os topónimos, as atestacións conservadas foron fundamentais. Grazas a elas podemos verificar que a historia dalgúns lugares do noso concello vén dunha época moi anterior: *Terra Chá* (da que se di que figura en escritos de Ptolomeo), *Dorra* (presente nun documento do ano 569) e *Alvidrón* (que consta no testamento de Odoario do ano 747). Os testemuños do resto de topónimos encádranse, xeralmente, entre os séculos XI e XV sen sufrir apenas modificacións ata os nosos días.

Para concluírmos, este traballo pretendeu ser unha aproximación á análise da toponimia maior do concello de Antas de Ulla desde un enfoque etimolóxico e lingüístico. Nel verificamos que cada topónimo distribuído nos 103,66 km² que configuran o territorio ten a súa razón de ser e é produto dunhas causas concretas. Daquela, como di Boullón Agrelo (2019:331), “a toponimia é o reflexo da configuración física dun pobo, da súa historia e da súa organización social, política e cultural”.

Estudar toponimia implica traballar en normalización e cando se transmiten os valores agochados nos topónimos faise, inconscientemente, fincapé na valoración do propio. Péchase este estudo coa intención de que valera, cando menos, para contribuír dalgún xeito á disciplina lingüística e científica de carácter autónomo da onomástica, que semella esquecida nalgúns ámbitos.

5 BIBLIOGRAFÍA

- AMG = A. I. Boullón Agrelo (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XIII)*.
Tubingen: Niemeyer.
- Álvarez Maurín, M^a. Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*.
León: Universidad de León.
- Ares Vázquez, Nicandro (2009): “Toponimia do Concello de Antas de Ulla”, *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación* 38, 97-122.
- (2011): *Estudos de toponimia galega. Tomo I*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Bascuas, Eduardo (1999): “Ulla, Veleia y otros derivados de la raíz indoeuropea *wel- ‘hacer girar’”, *Veleia* 16, 159-216.
- (2002): “Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega”, *Verba* Anexo 51.
Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2005): *Hidronimia y léxico de origen paleuropeo en Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro.
- (2014): *Novos estudos de hidronimia paleuropeo galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, A. I. (2017): “Nomes, topónimos e apelidos: camiños de ida e volta”, *Guavira Letras* 25, 34-49.
- (2019): “O artificio das etimoloxías: elementos constitutivos da toponimia galega”, en *Estudos Lingüísticos e Filolóxicos Oferecidos a Ivo Castro*, Ernestina Carrilho / Ana Maria Martins / Sandra Pereira / João Paulo Silvestre (orgs.), Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 277- 319.
- Bravo Pérez, I. / F. Fernández Rei / M^a L. Vázquez Freire (2006): “A configuración do espazo a través do léxico: fragas, freitas e lameiros”, en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 357-385.

- Cabeza Quiles, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Carrasco, Lorena / Gonzalo Navaza (2014): *Toponimia do Val de Fragoso*. Vigo: Universidade de Vigo.
- CDF = J. Ángel Rey Caíña (1985): *Colección diplomática de Ferreira de Pallares*. Granada: Universidad de Granada <<https://digibug.ugr.es/handle/10481/14308>> [25/05/2021].
- CDO = Miguel Romaní Martínez (1990-2008): *A colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*. 5 vols. Santiago de Compostela: Tórculo.
- Corriente Córdoba, Federico (1999): *Diccionario de arabismos y voces afines en iberromance*. Madrid: Gredos.
- CPR = Pablo Rodríguez (sen ano): *Colección Diplomática, inédita*. Arquivo Catedral de Lugo [extraído de Ares Vázquez, 2009].
- Dauzat, A. / Ch. Rostaing (1963): *Dictionnaire étymologique des noms de lieux en France*. Paris: Larousse.
- DAG = A. I. Boullón Agrelo (coord.) / Luz Méndez / Gonzalo Navaza / Antón Palacio: *Diccionario dos apelidos galegos*. [En preparación]
- DCECH = J. Corominas / J. A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- DEEH = Vicente García de Diego (1985): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Espasa Calpe.
- DELL = A. Ernout / A. Meillet (1985): *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*. Paris: L. Klincksieck.

- DGEHE = Pascual Madoz (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. 16 vols. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- DOELP = José Pedro Machado (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Fernández Rei, Francisco (2003): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ferro Ruibal, Xesús (dir.) *et al.* (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Floriano, A. C. (1950): “La antroponimia en el registro coriense”, *El libro registro de Corias*. Oviedo: C.S.I.C, 267-360.
- GEG = Silverio Cañada (ed.) (1974): *Gran Enciclopedia Galega*, Benxamín Casal Vila (dir.). Lugo: El Progreso.
- GGRG = Manuel Amor Meilán (1928): “Provincia de Lugo”, en Francesc Carreras i Candi (ed.), *Geografía General del Reino de Galicia*, vol. IV. Barcelona: Alberto Martín, 1-987.
- HGN = Joseph M. Piel / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- IGE = Instituto Galego de Estatística <<http://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>> [25/05/2021].
- LC = Iiro Kajanto (1982): *The Latin Cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider.
- López Carreira, Anselmo (2016): *Historia de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do tomo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía.

- Méndez Fernández, Luz (2016a): “Galicia no Decreto de 1916”, *Boletín da Real Academia Galega* 337, 365-386.
- (2016b): *Toponimia de Agolada*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moralejo Álvarez, Juan J. (2007): *Callaica Nomina: estudos de onomástica gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Michelena, Luis (1973): *Apellidos vascos*. San Sebastián: Txertoa.
- Navaza, Gonzalo (1991): “O nome *Paio*”, *Cadernos da Lingua* 3, 25-36.
- (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- NGTP = Joseph. M. Piel (1936-1948): “Os nomes germânicos na toponímia portuguesa”, *Boletim de Filologia*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos.
- OELG = Martín Sarmiento (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, J. L. Pensado (ed.), vol. II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Palacio Sánchez, X. Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía.
- Piel, Joseph M. (1947a): “As águas na toponímia galego-portuguesa”, *Boletim de filologia* 8, 305-342.
- (1947b): “Nomes de ‘possesores’ latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa”, *Biblos* 23. Coimbra: Universidade, 143-202, 283-407.
- (1949-1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular”, *Biblos* 25, 287-353, e *Biblos* 26, 281-314. Coimbra: Universidade.
- (1968): “Beitrag zur spanischen und portugiesischen Phytotoponomastik, I”, *Litterae Hispanae et Lusitanae* 340, 331-348.

- (1975): “Novos fragmentos de toponimia galega oriunda de nomes latinos de senhórios rurais medievos”, *Verba* 2, 45-58.
- (1982): “Respiga de antropo-toponimia galega de origem latina”, *Verba* 9, 125-152.
- (1984): “Novíssimas achegas á história da tradición antropo-topomástica mais antiga no Noroeste galaico”, *Verba* 11, 5-24.
- (1986): “Sobre a imprevisível origem do topónimo ‘Servoy’”, *Grial* 91, 100.
- PSVD = J. L. Novo Cazón (1986): *El priorato Santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media: 1194-1500*. La Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Rivas Quintas, Elixio (1994): *Lingua Galega, niveis primitivos*. A Coruña: Laivento.
- Sánchez-Pardo, J. C. (2014): “Sistemas de señales a larga distancia. Estudio de los topónimos *faro, facho y meda* en el Noroeste peninsular”, en R. Catalán Ramos / P. Fuentes Melgar / J.C. Sastre Blanco (eds.), *Las fortificaciones en la tardoantigüedad. Élités y articulación del territorio. (Siglos V-VIII d.C.)*. Madrid: Ediciones de La Ergástula, 417-424.
- Sarmiento, Martín (1986): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*, J. L. Pensado (ed.). Salamanca: Universidad de Salamanca, Secretariado de Publicaciones e Intercambio Científico
- Silveira, Joaquim da (1935): “Toponimia portuguesa I”, *RLu* 33, 233-268.
- Solin, Heikki / Olli Salomies (1994): *Repertorium nominum gentilium et cognominum latinorum*. Hildesheim: Olms-Weidmann.
- Tagliavini, Carlo (1972): *Un nome al giorno. Origine e storie di nomi di persona*. 2 vols. Bologna: Patron.
- TPH = Ramón Menéndez Pidal (1968): *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid: Gredos.

Varela Sieiro, X. (2008): *Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: a arquitectura civil*. Verba Anexo 62. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Veiga Arias, Amable (1989): “Patronímicos en -z y otros estudios de onomástica gallega”, *Verba* 16, 5-30.

Recursos en liña

AGOn = *Asociación Galega de Onomástica* [web]. Santiago de Compostela: AGOn <<http://ilg.usc.gal/agon/base-de-datos/>> [26/05/2021].

BILEGA = Francisco García Gondar (dir.) (2006): *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=107:1:.....>> [26/05/2021].

CAG = A. I. Boullón Agrelo / Xulio Sousa (dirs.) (2006-): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/cag/>> [26/05/2021].

CME = Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada (1750-1752)* [web]. [Madrid]: PARES <<http://pares.mcu.es/Catastro/>> [26/05/2021].

CODOLGA = José Carracedo Fraga (2020-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades <<http://corpus.cirp.gal/codolga>> [26/05/2021].

CX = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2006-): *Corpus Xelmírez. Corpus lingüístico da Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.gal/xelmirez/index.php>> [26/05/2021].

DdD = Antón Santamarina (coord.) (2006-2018): *Diccionario de diccionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://sli.uvigo.es/DdD/index.php>> [26/05/2021].

DPLG = Xosé Luís Regueira Fernández (dir.) (2010): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega <<http://ilg.usc.es/pronuncia/>> [26/05/2021].

DRAG = M. González González (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>> [26/05/2021].

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003-): *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator>> [26/05/2021].

TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.) (1993-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<https://ilg.usc.es/tmilg/valida.php>> [26/05/2021].

6 ANEXO I: RELACIÓN DE PARROQUIAS E LUGARES DO CONCELLO

A continuación expóñense as 28 parroquias e os 133 lugares recollidos no NG que conforman o concello de Antas de Ulla, ademais dos dous topónimos que non figuran no inventario oficial: *O Campo das Antas* e *O Rego do Santo*, ambos os dous da freguesía de Antas de Ulla. Indícanse en cursiva aqueles nomes que presentan diferenzas con respecto á fala local, é dicir, que non son coincidentes coa forma oficial aprobada pola Xunta de Galicia no momento da realización do traballo. A maioría dos erros teñen que ver coa omisión do artigo (*Cibreiro* > *O Cibreiro*; *Ribadulla* > *A Ribadulla*; *Campo* > *O Campo* etc.). Corrixíuse tamén *A Colleira* por *A Coelleira* e *Penela Garceira* por *Pena Lagarteira*. Estes cambios foron xa aprobados polo seminario de onomástica da Real Academia Galega. Por último, colócase un asterisco (*) a carón das localidades que na actualidade están completamente deshabitadas.

Agüela, A (San Mamede)

Ribó

Agüela, A

*Campo do Chao, O **

Antas de Ulla (San Xoán)

Parrocha, A *

Antas de Ulla

San Mamede da Agüela

Campo das Antas, O

Caracocha, A

Alvidrón (Santa María)

Carballo, O

Alvidrón

Rego do Santo, O

Feás

Sendelle

Mancegar

Seoane

Outeiro *

Sucasas

Vilaboa

Amoexa (Santiago)

Vilane

Amoexa

Caira

Árbol (Santalla)

Casilmoure

Funsín

Outeiro de Amoexa

Randulfe

Pereiras

Arcos (Santa María)

Arcos

Barbalde *

Cabo de Arcos

Fraga, A

Nugallás *

Pumar, O

Veloín *

Vila Pequena, A

Areas (Santa Cristina)

Castro

Outeiro, O

Río

Santa Cristina

Somoza, A

Barreiro (San Cibrao)

Barreiro

Laxe, A

Medeiro *

Paredes

Pedrouza, A

Ponte Mercé, A

Casa de Naia (Santa María)

Aboi

Casa de Naia

Fondevila

Outeiro de Donas

Suar

Cervela, A (San Miguel)

Bertosende

Cervela, A

Costa, A

Pazo, O

Quintela

Cibreiro, O (San Miguel)

Cibreiro, O

Cutián (San Xoán)

Cruceiro, O

Cutián

Fonfría

Martín

Penela

Dorra (Santiago)

Alemparte

Campo, O

Carreiros, Os

Casforno

Chapeleira, A

Coelleira, A

Dorra

Montecelos

Pazo, O

Ribadulla, A

Facha (San Xiao)

Eirexe, A

Facha

Regueira, A

Vilasante de Abaixo

Vilasante de Arriba

Olveda (Santa María)

Eirexe, A

Ermida, A

Escrita, A

Fondevila

Gondoriz

Puzos

Sendín

Peibás (San Lourenzo)

Lamas *

Peibás

Velanxil

Verín

Queixeiro (San Pedro)

Casteda *

Lebesende

Reboredo (Santiago)

Baldriz

Gradoi

Martín

Ourás *

Rial, O (Santo André)

Rial, O

Timós

San Fiz de Amarante (San Fiz)

Bellós

Chorente

Ermide

Nugallás

San Fiz

Seixo, O

Vilasión

San Martiño de Amarante (San Martiño)

Fontelo

Ludeiro

San Martiño do Carrasco

San Tomé *

Santa Mariña do Castro de Amarante (Santa Mariña)

Augas de Frádegas, As

Coto, O

Frádegas

Píos, Os *

Santa Mariña

Toande

Vilariño

Santiso (Santalla)

Santiso

**Santo Estevo do Castro de
Amarante (Santo Estevo)**

Amarante

Castro, O

Chacín

Rececendes

Senande (San Miguel)

Senande

Terra Chá (San Xurxo)

Caldelas

Cruceiro, O

Regadío

San Xurxo

Vilanuñe (San Salvador)

Vilanuñe

Vilapoupre (San Martiño)

Aldea de Arriba, A

Alvidrón de Outeiro

Carreira, A

Castrillón

Corgo, O *

Mancegar

Pedrouzos, Os

Pena Lagarteira

Portocarreiro

San Martiño de Vilapoupre

Vilapoupre

7 ANEXO II: CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DOS TOPÓNIMOS

→ CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA (163 ÍTEMS)

1. TOPONIMIA DEONOMÁSTICA (58 ÍTEMS)

▪ ANTROPOTOPÓNIMOS

Aboi	Peibás
Alvidrón	Peibás
Alvidrón	Randulfe
Alvidrón de Outeiro	Rececendes
Amarante	Senande
Baldriz	Senande
Barbalde	Sendelle
Bellós	Sendín
Bertosende	Suar
Casa de Naia	Toande
Casa de Naia	Velanxil
Casilmoure	Veloín
Chacín	Verín
Chorente	Vilane
Cutián	Vilanuñe
Cutián	Vilanuñe
Funsín	Vilapoupre
Gondoriz	Vilapoupre
Gradoi	Vilasante de Abaixo
Lebesende	Vilasante de Arriba
Martín	Vilasión
Martín	

▪ HAXIOTOPÓNIMOS

San Fiz	San Martiño de Amarante
San Fiz de Amarante	San Martiño de Vilapoupre
San Mamede da Agüela	San Martiño do Carrasco

San Tomé	Santiso
San Xurxo	Santiso
Santa Cristina	Santo Estevo do Castro de
Santa Mariña	Amarante
Santa Mariña do Castro de	Seoane
Amarante	

2. TOPONIMIA DELEXICAL (98 ÍTEMS)

▪ HÁBITAT HUMANO

Aldea de Arriba, A	Ermida, A
Alemparte	Ermide
Antas de Ulla	Escrita, A
Antas de Ulla	Fondevila
Arcos	Frádegas
Arcos	Paredes
Cabo de Arcos	Parrocha, A
Casforno	Pazo, O
Castrillón	Pazo, O
Castro	Píos, Os
Castro, O	Ponte Mercé, A
Cruceiro, O	Sucasas
Cruceiro, O	Vila Pequena, A
Eirexe, A	Vilaboa
Eirexe, A	Vilariño

▪ HIDROTOPÓNIMOS

Agüela, A	Barreiro
Agüela, A	Caldelas
Amoexa	Cervela, A
Amoexa	Cervela, A
Augas de Frádegas, As	Corgo, O
Barreiro	Fondevila

Fonfría
Fontelo
Lamas
Ludeiro
Ourás
Puzos
Regadío

Rego do Santo, O
Regueira, A
Rial, O
Rial, O
Ribó
Río

▪ **OROTOPÓNIMOS**

Areas
Costa, A
Coto, O
Chapeleira, A
Laxe, A
Montecelos
Outeiro
Outeiro de Amoexa
Outeiro de Donas

Outeiro, O
Pedrouza, A
Pedrouzos, Os
Pena Lagarteira
Penela
Ribadulla
Seixo, O
Somoza, A
Terra Chá

▪ **FITOTOPÓNIMOS**

Árbol
Caracocha, A
Carballo O
Casteda
Cibreiro, O
Cibreiro, O
Feás

Fraga, A
Nugallás
Nugallás
Olveda
Pereiras
Pumar, O
Reboredo

▪ **AGROTOPÓNIMOS**

Campo
Campo das Antas, O
Campo de Chao

Medeiro
Quintela

▪ **ODOTOPÓNIMOS**

Portocarreiro

Carreira, A

Carreiros, Os

▪ **ZOOTOPÓNIMOS**

Coelleira, A

▪ **DUBIDOSOS**

Caira

Queixeiro

3. TOPONIMIA DUBIDOSA (5 ÍTEMS)

Dorra

Facha

Dorra

Timós

Facha

4. TOPONIMIA ESCURA (2 ÍTEMS)

Mancegar

Mancegar

8 ANEXO III: CLASIFICACIÓN ETIMOLÓXICA DOS TOPÓNIMOS

→ CLASIFICACIÓN ETIMOLÓXICA (215 ÍTEMS)

1. TOPONIMIA PRELATINA (35 ÍTEMS)

Amoexa	Corgo, O
Amoexa	Coto, O
<u>Antas</u> (de Ulla)	Dorra
(Antas de) <u>Ulla</u>	Dorra
<u>Antas</u> (de Ulla)	Lamas
(Antas de) <u>Ulla</u>	Laxe, A
Arcos	Ourás
Arcos	(Pei) <u>bás</u>
Barreiro	(Pei) <u>bás</u>
Barreiro	(Outeiro de) <u>Amoexa</u>
(Cabo de) <u>Arcos</u>	Pazo, O
(Campo das) <u>Antas</u> , O	Pazo, O
Caracocha, A	(Porto) <u>carreiro</u>
Carballo, O	<u>Rego</u> (do Santo)
Carreira, A	Regueira
Carreiros, Os	(Ribad) <u>ulla</u>
Cervela, A	(San Martiño do) <u>Carrasco</u>
Cervela, A	

2. TOPONIMIA LATINA (152 ÍTEMS)

Aboi	<u>Alvidrón</u> (de Outeiro)
Agüela, A	(Alvidrón de) <u>Outeiro</u>
Agüela, A	Amarante
(Aldea de) <u>Arriba</u> , A	Árbol
<u>Alem</u> (parte)	Areas
(Alem) <u>parte</u>	<u>Augas</u> (de Frádegas), As
Alvidrón	(Augas de) <u>Frádegas</u> , As
Alvidrón	Bellós

<u>Cabo</u> (de Arcos)	(Fonde) <u>vila</u>
Caldelas	<u>Fond</u> (evila)
Campo	(Fonde) <u>vila</u>
<u>Campo</u> (das Antas), O	<u>Fond</u> (evila)
<u>Campo</u> (do Chao), O	<u>Fon</u> (fría)
(Campo do) <u>Chao</u> , O	(Fon) <u>fría</u>
<u>Casa</u> (de Naia)	Fontelo
<u>Casa</u> (de Naia)	Frádegas
<u>Cas</u> (forno)	Fraga, A
(Cas) <u>forno</u>	Ludeiro
(Casil) <u>moure</u>	Martín
Casteda	Martín
Castrillón	Medeiro
Castro	Montecelos
Castro, O	Nugallás
Chacín	Nugallás
Chorente	Olveda
Cibreiro, O	Outeiro
Cibreiro, O	<u>Outeiro</u> (de Amoexa)
Coelleira, A	<u>Outeiro</u> (de Donas)
Costa, A	(Outeiro de) <u>Donas</u>
Cruceiro, O	Outeiro, O
Cruceiro, O	Pedrouza, A
Cutián	Pedrouzos, Os
Cutián	<u>Pei</u> (bás)
Eirexe, A	<u>Pei</u> (bás)
Eirexe, A	Paredes
Ermida, A	<u>Pena</u> (Lagarteira)
Ermide	(Pena) <u>Lagarteira</u>
Escrita, A	Penela
Facha	Pereiras
Facha	Píos, Os
Feás	<u>Ponte</u> (Mercé), A

(Ponte) <u>Mercé</u> , A	(Santa Mariña do Castro de)
<u>Porto</u> (carreiro)	<u>Amarante</u>
Pumar, O	Santiso
Puzos	Santiso
Quintela	<u>Santo Estevo</u> (do Castro de
Reboredo	Amarante)
Regadío	(Santo Estevo do) <u>Castro</u> (de
(Rego do) <u>Santo</u> , O	Amarante)
Rial, O	(Santo Estevo do Castro de)
Rial, O	<u>Amarante</u>
<u>Riba</u> (dulla)	Seixo, O
<u>Ri</u> (bó)	Seoane
(Ri) <u>bó</u>	<u>So</u> (moza), A
Río	(So) <u>moza</u> , A
San Fiz	<u>Su</u> (casas)
<u>San Fiz</u> (de Amarante)	(Su) <u>casas</u>
(San Fiz de) <u>Amarante</u>	<u>Terra</u> (Chá)
<u>San Mamede</u> (da Agüela)	(Terra) <u>Chá</u>
(San Mameda da) <u>Agüela</u>	Timós
<u>San Martiño</u> (de Amarante)	<u>Vel</u> (anxil)
(San Martiño de) <u>Amarante</u>	<u>Vel</u> (oín)
<u>San Martiño</u> (de Vilapoupre)	Verín
(San Martiño de) <u>Vila</u> (poupre)	<u>Vila</u> (Pequena), A
(San Martiño de Vila) <u>poupre</u>	(Vila) <u>Pequena</u> , A
<u>San Martiño</u> (do Carrasco)	<u>Vila</u> (boa)
San Tomé	(Vila) <u>boa</u>
San Xurxo	Vilane
Santa Cristina	<u>Vila</u> (nuñe)
Santa Mariña	(Viña) <u>nuñe</u>
<u>Santa Mariña</u> (do Castro de	<u>Vila</u> (nuñe)
Amarante)	(Vila) <u>nuñe</u>
(Santa Mariña do) <u>Castro</u> (de	<u>Vila</u> (poupre)
Amarante)	(Vila) <u>poupre</u>

<u>Vila</u> (poupre)	(Vilasante de) <u>Abaixo</u>
(Vila) <u>poupre</u>	<u>Vila</u> (sante de Arriba)
Vilarriño	(Vila) <u>sante</u> (de Arriba)
<u>Vila</u> (sante de Abaixo)	(Vilasante de) <u>Arriba</u>
(Vila) <u>sante</u> (de Abaixo)	<u>Vila</u> (sión)

3. TOPONIMIA XERMÁNICA (17 ÍTEMS)

Baldríz	Senande
Barbalde	Senande
Bertosende	Sendelle
Funsín	Sendín
Gondoriz	Toande
Gradoi	(Vel) <u>anxil</u>
Lebesende	(Vel) <u>oín</u>
Randulfe	(Vila) <u>sión</u>
Receendes	

4. TOPONIMIA ÁRABE (1 ÍTEM)

Aldea (de Arriba), A

5. ORIXE DUBIDOSA (6 ÍTEMS)

Caira	Parrocha, A
<u>Casil</u> (moure)	Queixeiro
Chapeleira, A	Suar

6. OUTRA ORIXE (2 ÍTEMS)

(Casa de) Naia
(Casa de) Naia

7. ORIXE ESCURA (2 ÍTEMS)

Mancegar
Mancegar

9 ANEXO IV: ÍNDICE TOPONÍMICO

Aboi	12
Agüela, A (San Mamede)	12
Agüela, A.....	12
Aldea de Arriba, A.....	13
Alemparte	13
Alvidrón (Santa María).....	13
Alvidrón.....	13
Alvidrón de Outeiro.....	14
Amarante	14
Amoexa (Santiago).....	15
Amoexa.....	15
Antas de Ulla (San Xoán).....	15
Antas de Ulla	16
Árbol (Santalla)	17
Arcos (Santa María).....	16
Arcos.....	17
Areas (Santa Cristina).....	18
Augas de Frádegas, As	18
Baldriz	19
Barbalde.....	19
Barreiro (San Cibrao)	19
Barreiro.....	19
Bellós	20
Bertosende	<u>20</u>

Cabo de Arcos	21
Caira.....	21
Caldelas	21
Campo, O.....	22
Campo das Antas, O	22
Campo do Chao, O	22
Caracocha, A	23
Carballo, O.....	23
Carreira, A	23
Carreiros, Os.....	24
Casa de Naia (Santa María)	24
Casa de Naia	24
Casforno.....	25
Casilmoure.....	25
Casteda.....	25
Castrillón	26
Castro.....	26
Castro, O.....	26
Cervela, A (San Miguel).....	27
Cervela, A.....	27
Chacín.....	27
Chapeleira, A	28
Chorente.....	28
Cibreiro, O (San Miguel).....	28
Cibreiro, O	28

Coelleira, A.....	29
Corgo, O	29
Costa, A	30
Coto, O.....	30
Cruceiro, O	30
Cutián (San Xoán)	31
Cutián.....	31
Dorra (Santiago)	31
Dorra.....	31
Eirexe, A.....	32
Ermida, A.....	32
Ermide	32
Escrita, A	33
Facha (San Xiao)	33
Facha.....	33
Feás	33
Fondevila	34
Fonfría	34
Fontelo.....	35
Frádegas.....	35
Fraga, A	35
Funsín	36
Gondoriz	36
Gradoi	36
Lamas.....	37

Laxe, A	37
Lebesende	37
Ludeiro.....	38
Mancegar	38
Martín	38
Medeiro.....	39
Montecelos.....	39
Nugallás	39
Olveda (Santa María).....	49
Ourás.....	40
Outeiro	40
Outeiro, O	40
Outeiro de Amoexa.....	41
Outeiro de Donas	41
Paredes.....	41
Parrocha, A	42
Pazo, O.....	42
Pedrouza, A	42
Pedrouzos, Os	43
Peibás (San Lourenzo).....	43
Peibás.....	43
Pena Lagarteira	43
Penela.....	44
Pereiras	44
Píos, Os.....	45

Ponte Mercé, A	45
Portocarreiro	45
Pumar, O.....	46
Puzos.....	46
Queixeiro (San Pedro)	46
Quintela	47
Randulfe.....	47
Reboredo (Santiago).....	48
Rececendes	48
Regadío.....	49
Rego do Santo, O.....	49
Regueira, A.....	49
Rial, O (Santo André).....	50
Rial, O.....	50
Ribadulla, A.....	50
Ribó	50
Río	51
San Fiz	51
San Fiz de Amarante (San Fiz).....	51
San Mamede da Agüela.....	51
San Martiño de Amarante (San Martiño)	52
San Martiño de Vilapoupre.....	52
San Martiño do Carrasco	52
San Tomé.....	53
San Xurxo	53

Santa Cristina.....	53
Santa Mariña.....	54
Santa Mariña do Castro de Amarante (Santa Mariña).....	54
Santiso (Santalla).....	54
Santiso	54
Santo Estevo do Castro de Amarante (Santo Estevo).....	55
Seixo, O	55
Senande (San Miguel)	56
Senande.....	56
Sendelle	56
Sendín	56
Seoane.....	57
Somoza, A	57
Suar.....	58
Sucasas.....	58
Terra Chá (San Xurxo)	58
Timós	59
Toande	59
Velanxil	60
Veloín	60
Verín	60
Vila Pequena, A	61
Vilaboa.....	61
Vilane.....	61
Vilanuñe (San Salvador).....	62

Vilanuño.....	62
Vilapoupre (San Martiño).....	62
Vilapoupre	62
Vilariño.....	63
Vilasante de Abaixo.....	63
Vilasante de Arriba.....	63
Vilasi3n.....	64